

A VIOLENCIA NOS CENTROS ESCOLARES

COMO FACTOR DE RISCO PSICOSOCIAL
NOS TRABALLADORES/AS DO ENSINO



Índice

Introducción	7
1. Estudio de campo: "A violencia nos centros escolares como factor de risco psicosocial nos traballadores/as do ensino".	9
■ Contextualización do proxecto.	10
■ Deseño do cuestionario.	12
■ Análise de resultados.	16
■ Relación alumno-profesor.	16
■ Relación familia-profesor.	20
■ Relación entre o profesorado.	22
■ Relacións do profesorado coa dirección do centro.	24
■ Relación alumno-alumno.	25
■ Valoración do estrés percibido en función do tipo de titularidade do centro.	30
■ Estrés producido pola violencia nos centros fronte a outras fontes de estrés docente.	30
■ Baixas laborais do profesorado.	33
■ Medidas de resposta e prevención ás distintas situacións de violencia.	34
■ Resumen de conclusións.	36
2. Situacións de violencia, física e/ou psicolóxica, en centros escolares	43
■ Situacións de violencia nos centros escolares como factor de risco psicosocial.	44
■ Definición de factor psicosocial.	44
■ Clasificación dos factores psicosociais.	44
■ A violencia nas aulas como factor psicosocial.	47
■ Causas da violencia nos centros educativos.	47
■ Disrupción na aula e situacións de indisciplina.	50
■ Violencia contra traballadores/as dos centros educativos.	55
■ Acoso laboral, mobbing ou presión laboral tendenciosa.	56
■ Acoso entre iguais. Acoso escolar. Bullying.	62

3. Efectos dos riscos psicosociais sobre a saúde do profesorado	69
■ Estrés.	70
■ Fatiga mental.	76
■ Síndrome do queimado.	80
4. Modos de actuación ante situacións de violencia.	83
■ Medidas a tomar por parte das administracións públicas	84
■ A. Propostas de mellora. Reivindicacións.	84
● a.1) Medidas específicas. Elaboración de protocolos de actuación.	84
● a.2) Medidas xerais. De atención á diversidade do alumnado.	84
■ B. Plan para a promoción e mellora da convivencia escolar.	86
■ Prevenición no centro escolar.	87
■ A. Propostas a nivel organizativo.	87
● a.1) Proxecto educativo de centro.	87
● a.2) Plan de convivencia.	88
● a.3) Plan de atención á diversidade.	89
● a.4) Regulamento de réxime interno.	89
● a.5) Plan de acción tutorial.	90
● a.6) A convivencia como tema transversal.	90
● a.7) Instrumentos de mediación.	91
■ B. Propostas a nivel de aula.	91
● b.1) Mellora das competencias sociais dos alumnos.	92
● b.2) Programas de mediación e resolución de conflitos.	95
● b.3) Cohesión de grupo e xestión democrática das normas.	96
● b.4) Educación en valores.	96
● b.5) Papel do profesorado.	97
■ C. Papel da familia.	99
● c.1) A familia como axente educador e socializador.	99
● c.2) Relación das familias coa escola.	100
■ Medidas preventivas para evitar a disrupción.	102
■ A. Mellora das competencias sociais dos alumnos.	102
■ B. Medidas a adoptar polo profesorado.	102
■ C. Medidas de carácter disciplinario.	105

■ Medidas preventivas para evitar o acoso escolar ou bullying.	106
■ Protocolo de actuación en caso de bullying.	111
■ Medidas preventivas para evitar o acoso laboral ou mobbing.	115
5. Algúns aspectos legais das distintas situacións de violencia en centros escolares.	117
■ Marco conceptual legal e xurisprudencial do acoso laboral.	118
■ Defensa legal fronte ao acoso laboral ou mobbing.	124
■ Protocolo de actuación en caso de mobbing.	136
■ Defensa legal fronte ao acoso escolar ou bullying.	139
■ Outras formas de violencia nas aulas.	115
Bibliografía	149

Introducción



INTRODUCCIÓN

Con motivo dos continuos cambios que se producen na sociedade, o profesorado de hoxe en día debe enfrontarse a situacións que fai pouco ou non existían, ou existían en menor medida.

A indisciplina nas aulas, a gran diversidade de alumnado, a pouca valoración social da docencia e a delegación de responsabilidades educativas, tradicionalmente propias da familia, e que agora se pretende que sexan asumidas en exclusiva polo profesorado, fan da escola un entorno cada vez máis hostil para os traballadores e traballadoras dos centros escolares. Un contorno no que as situacións de violencia, física ou psicolóxica, son cada vez máis frecuentes.

O colectivo de traballadoras e traballadores dos centros educativos atopa cada vez maiores obstáculos á hora de desempeñar o seu traballo, sendo un dos principais colectivos afectados por trastornos de orixe psicosocial: estrés, depresión, fatiga psíquica, ou o síndrome do queimado, tamén coñecido como burnout.

Esta situación é certamente preocupante pois cada vez son máis frecuentes os casos de insatisfacción persoal, absentismo laboral, baixas por depresión e peticións de xubilación anticipada por parte dos traballadores/as do ensino. Unha gran parte do profesorado, e do resto dos traballadores/as do sector, séntese, persoalmente e profesionalmente, desconcertado, con fortes contradicións entre cales son os seus dereitos e obrigas para afrontar esta nova situación.

No noso estudio de campo, realizado entre máis de 1.200 profesores, obtivemos datos concretos sobre a prevalencia das distintas situacións de violencia que se producen nos centros escolares. A análise dos datos reflectiu unha forte correlación existente entre a incidencia de dita violencia e o grado de estrés percibido polo traballador/a como consecuencia da exposición continua a tales situacións. Case o 40% do profesorado de centros de ensino secundario admite sentir niveis de estrés alto ou moi alto.

Tamén analizamos e describimos as distintas situacións de violencia que se producen nos centros, os efectos dos riscos psicosociais sobre a saúde do profesorado, as formas de actuación fronte ás distintas situacións de violencia e algúns aspectos legais que son aplicables a estas situacións de violencia.

Desde FETE-UGT esperamos que esta publicación axude a comprender mellor o que ocorre nos nosos centros escolares e, á vez, proporcione ideas e solucións que axuden a diminuír a violencia nos nosos centros, favorecendo unha mellor convivencia entre todos os membros da comunidade educativa.



1. A violencia como factor de risco psicosocial nos traballadores/as do sector do ensino



A VIOLENCIA COMO FACTOR DE RISCO PSICOSOCIAL NOS TRABALLADORES/AS DO SECTOR DO ENSINO

ESTUDIO DE CAMPO

Contextualización do proxecto

Este estudio de campo forma parte do proxecto "A violencia como factor de risco psicosocial nos traballadores/as do sector do ensino". Proxecto liderado e desenvolvido por FETE-UGT, co apoio institucional de FE-CCOO e CECE, dentro da convocatoria de subvencións da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais. Organización, dependente do Ministerio de Trabajo, que ten como finalidade primordial a promoción da saúde e a seguridade dos traballadores/as.



O obxecto deste estudio é determinar que as distintas situacións de "violencia" que se producen nos centros escolares son un factor de risco psicosocial para a saúde dos traballadores do ensino.

Por iso, antes de pasar á análise cualitativa e cuantitativa da enquisa, é importante contextualizar o obxecto do noso estudio, definindo os conceptos de violencia, factores psicosociais e risco laboral.

Defínese **violencia** como un comportamento deliberado, que provoca, ou pode provocar, danos físicos e/ou psíquicos a outras persoas. A violencia adoitase asociar, en exclusiva, coa agresión física. Sen embargo, este concepto debe ser máis amplo e debe incluír outras condutas como insultos, vexacións, ameazas e todo tipo de situacións que sexan capaces de intimidar ou "violentar" ás persoas que as sofren.

Moitas veces no é fácil delimitar as fronteiras da violencia, neste caso concreto a escolar. A súa percepción, e tolerancia á mesma, é distinta dependendo das persoas que a observan.

O concepto de **factores psicosociais** fai referencia a aquelas condicións presentes no traballo que teñen capacidade de afectar ao benestar o á saúde do traballador/a, influíndo ao desenvolvemento do seu traballo.

Existen moitos factores presentes no traballo que teñen capacidade para afectar á saúde dos traballadores, como aparece constatado en multitude de informes e publicacións científicas, entendendo como saúde "o estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de infeccións o enfermidades", segundo a define a OMS. Estes factores son de natureza variable e moitos están relacionados co modo no que se organiza o traballo nos centros de traballo: o horario laboral, o grao de autonomía para tomar decisións, o grao de atención que require a tarefa, as condicións de temperatura baixo as que se realiza o traballo, a claridade das ordes de traballo, etc.

Outra condición do traballo que pode afectar á saúde dos traballadores/as, é dicir un factor de orixe psicosocial, **son as relacións interpersoais e grupais** que se producen no centro de traballo (1), neste caso concreto, as posibles situacións de violencia que se produce nos centros educativos.

Neste estudio determinouse os distintos tipos de violencia que se producen nos centros escolares, a súa frecuencia e o grao de estrés percibido que senten os traballadores/as do ensino ao sufrir cada tipo de situacións de violencia. Debemos ter en conta que o estrés é un indicador do grao de malestar que sofre un traballador/a e a súa presenza sostida no tempo pode desembocar en trastornos para a saúde máis graves, como veremos máis adiante.

Por outra parte, definimos estrés como unha reacción fisiolóxica e psicolóxica do organismo que reacciona ante unha situación de ameaza. Aos factores desencadeantes de estrés denomínaselles estresores e producen no organismo diversos síntomas como: ansiedade, afogo, irritabilidade, insomnio, trastornos musculares e dixestivos, etc.

O estrés cando se xera como consecuencia do desenvolvemento da propia actividade profesional, denomínase estrés laboral (2). A exposición continua a situacións laborais estresantes xera moita insatisfacción e desgaste persoal e profesional. En moitos casos este malestar, a consecuencia do estrés mantido, evoluciona a situacións potencialmente prexudiciais para a saúde, como depresións e distintos problemas fisiolóxicos, como queda recollido en multitude de estudos e publicacións (3). No estudio realizado pola Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo (OSHA) afirmase que o estrés é o segundo problema por orden de importancia en materia de saúde ocupacional e afecta ao 22 % dos traballadores/as da UE. Dito estudio indica que entre un 50 % e un 60 % das baixas laborais gardan relación co estrés, o que representa un enorme custe en termos de sufrimento humano e prexuízos económicos.

¹ NTP 443 do INSHT: "Factores psicosociais: metodoloxía de avaliación."

² NTP 318 do INSHT: "O estrés: proceso de xeración no ámbito laboral."

³ NTP 355 do INSHT: "Fisioloxía do estrés."

Neste estudo queremos relacionar o grao de estrés que senten os traballadores/as do ensino ante as distintas relacións persoais que se producen entre os distintos membros da comunidade educativa.

Para finalizar este preámbulo teórico cremos importante recordar o concepto de **risco laboral**, que aparece definido, no artigo 4 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, como "a posibilidade de que un traballador/a sufra un determinado dano derivado do seu traballo".

En múltiples referencias bibliográficas cítase a relación do estrés con distintos tipos de trastornos para a saúde, como se pode consultar en diversas Notas Técnicas de Prevención (NTP) que realiza o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT), que é o organismo científico técnico de referencia en PRL do noso país, ver pés de páxina (1) (2) y (3).

Desta maneira podemos afirmar que: *un colectivo sometido a niveis altos de estrés laboral está exposto a un risco laboral*, pois o traballador/a ten a posibilidade de sufrir un determinado dano como consecuencia da realización do seu traballo.

Deseño do cuestionario

Neste apartado imos realizar unha breve explicación sobre os motivos que nos levaron á selección das preguntas do cuestionario, o contido completo axuntámolo no anexo que se atopa ao final do capítulo.

Elección de comportamentos susceptibles de catalogarse como "violentos"


Dado que existen distintos tipos de comportamentos violentos -realizados coa intención de provocar dano físico ou psíquico- e non todos infrinxen o mesmo grao de dano ou sufrimento, catalogamos, teoricamente, as posibles condutas "violentas" que, a priori, se poden producir nos centros educativos, clasificándoas segundo a seguinte relación:

- Agresións físicas.
- Ameazas.
- Maltrato psicolóxico.
- Insultos.
- Comportamento disruptivo extremo.
- Acoso sexual.
- Situacións de violencia extrema: agresións severas, abuso sexual, extorsións e roubos. Estas últimas, dado o seu carácter excepcional, e cuxo tratamento excede as competencias da escola como institución, non as trataremos nesta publicación.



Dirección dos comportamentos "violentos"

Unha vez determinados os comportamentos susceptibles de ser considerados "violentos", parecíanos importante determinar non so a súa frecuencia senón, ademais, a dirección na que estas se producen, é dicir; quen son os principais agresores e quen as vítimas máis frecuentes.



Para iso establecemos cinco liñas principais nas que se podían producir situacións de violencia nos centros escolares:

- Do alumnado cara ao profesorado.
- Das familias do alumnado cara ao profesorado.
- Entre o profesorado.
- Da dirección do centro cara ao profesorado.
- Entre alumnos.

Deliberadamente excluimos analizar os posibles comportamentos violentos que poderían realizar os traballadores/as do ensino cara ao alumnado ou as súas familias. O estudo desta variable implicaba a enquisa a alumnos/as e familiares, o que dificultaba a formulación metodolóxica do proxecto. De todas maneiras temos constancia, a través de outros estudos, que a incidencia destas situacións no é significativa.

Determinación da frecuencia dos comportamentos "violentos"

Unha vez constatado que se producen situacións de violencia nos centros, é importante determinar a frecuencia con que se producen; é dicir si se producen de forma puntual ou son práctica habitual. A determinación desta frecuencia axúdanos a percibir o clima de convivencia que existe nos centros escolares. Para iso definimos os seguintes descritores de frecuencia:

- Nunca.
- Algunha vez de forma puntual.
- Con certa frecuencia (polo menos unha vez ao mes).
- Con moita frecuencia (polo menos unha vez á semana).
- Case todos os días.

Valoración do nivel de estrés percibido

Para medir o grao de estrés que sofren os/as docentes debido á violencia, utilizamos unha escala de valoración de percepción persoal de 0 a 10, na que o 0 é a ausencia total de estrés percibido e o 10 o valor máximo.

É importante remarcar que a dinámica de xeración de estrés é independente da natureza específica do estímulo que o produce, non podendo determinar, a partir exclusivamente dos síntomas de estrés, que estímulo concreto produciuno. Por iso, é importante determinar, con independencia do seu nivel xeral, que estímulos concretos producen dito estrés.

Para lograr delimitar os estímulos concretos que producen o estrés, máis alá do seu nivel xeral, deseñamos dúas estratexias.

Por unha parte separamos, de forma independente, o estudio das distintas situacións de violencia e o nivel de estrés que producen, organizando o estudio en cinco bloques: relacións de violencia alumnado - profesorado, relacións de violencia familia do alumnado - profesorado, relacións de violencia entre compañeiros/as, relacións de violencia entre o equipo directivo - profesorado e relacións de violencia entre o alumnado. Desta maneira determinaremos, especificamente, quen son os estresores principais entre os compoñentes da comunidade educativa.

Por outro lado utilizamos un instrumento⁴ no que se analizan as diferentes fontes de estrés que afectan ao colectivo docente: forma na que se organiza o traballo, a flexibilidade horaria, o salario ganado, a posibilidade de promoción do profesorado ou as distintas situacións de violencia que se producen no ámbito educativo. Con este instrumento poderemos comparar o peso que ten o estrés xerado polas situacións de violencia respecto a outras fontes de estrés.

Instrumentos de recollida de datos

Para a realización deste traballo de campo utilizáronse os seguintes instrumentos de recollida de datos:

- Cuestionario** a 1.223 profesores/as de secundaria.
- Entrevistas en Profundidade**, realizadas a directores e profesores de secundaria.
- Grupos de Discusión**.

Realizamos unha mostraxe so entre o profesorado de secundaria por razóns, estrictamente, de simplificación metodolóxica. Os datos obtidos no informe son extrapolables ao persoal de administración e servizos (PAS) dos centros educativos, sendo conscientes de que este sector está exposto ás mesmas situacións de violencia que os seus compañeiros/as docentes.

⁴ NTP 574 do INSHT: "Estrés no colectivo docente: metodoloxía para a súa avaliación."

As enquisas realizáronse nas seguintes CCAA:


CAA	Nº enquisas	Porcentaxe
Andalucía	240	19,6
Aragón	33	2,7
Asturias	32	2,6
Baleares	24	2,0
Canarias	55	4,5
Cantabria	16	1,3
Castilla La Mancha	79	6,5
Castilla y León	85	7,0
Cataluña	166	13,5
Extremadura	49	4,0
Galicia	50	4,1
La Rioja	6	0,5
Madrid	157	12,8
Murcia	40	3,3
Navarra	15	1,2
País Vasco	55	4,5
Valencia	121	9,9
TOTAL	1.223	100

ANÁLISE DE RESULTADOS

Relación alumno-profesor

Na seguinte gráfica aparecen os comportamentos violentos que realiza o alumnado contra o profesorado.

Ilustración 1. Relaciones entre alumnado e profesorado.



Agresións físicas

Un 7,4% do profesorado enquisado afirma que algunha vez sufriu unha agresión por parte do alumnado. Este dato obtense da suma das porcentaxes das preguntas: *algunha vez* (5,5%), *certa frecuencia* (1 %), *con moita frecuencia* (0,7 %) e *case todos os días* (0,2 %).

Case un dos por cento dos enquisados (1 % + 0,7 % + 0,2 %) afirma que é agredido polos alumnos polo menos unha vez ao mes, é dicir, *con certa frecuencia*.

A enquisa non especifica nin os tipos nin a gravidade da agresión física, so constata, segundo a resposta do traballador/a, a existencia, ou non das mesmas.

Ameazas

Respecto ás ameazas, o 32,4 % do profesorado declara ter sido ameazado *algunha vez* (suma dos porcentaxes algunha vez (28,5 %), *con certa frecuencia* (4,5 %), *con moita frecuencia* (0,8 %) e *case todos os días* (0,4 %), mentres que o 5,7 % é ameazado, polo menos, *con certa frecuencia*; é dicir mensualmente como mínimo.



Insultos

Este informe constata que case un un por cento dos profesores sofre insultos case todos os días, case o 10 % con certa frecuencia (semanalmente) e máis do 54,4 % foi obxecto de insultos por parte dos alumnos/as algunha vez.

Disrupción


Non obstante, e como se pode observar no gráfico anterior, o comportamento que se dá con máis frecuencia na relación entre os alumnos/as co profesor, son os comportamentos disruptivos, é dicir, comportamentos que impiden o desenvolvemento normal do labor docente: constantes interrupcións na clase, gamberradas, contestacións, falar continuamente en clase, etc.

Segundo o 13,2 % dos informantes, este tipo de comportamento ten lugar *case todo os días*. O 34,1 % *con moita frecuencia*, é dicir todas as semanas (xa que se suma a porcentaxe propia desa resposta, 20,7 % e o 13,2 % que respondeu case todos os días).

Facendo unha suma da porcentaxe de traballadores/as que afirmou sufrir disrupción, polo menos, *con certa frecuencia*, é dicir polo menos unha vez ao mes, os resultados mostran que afecta, habitualmente ao 56,5 % da mostra.

Comparando entre si as distintas situacións de violencia que afectan á relación alumno - profesor, obtense a seguinte gráfica:

Ilustración 2. Relacións entre alumnado e profesorado.



Para os comportamentos disruptivos observase que "o normal" - entendido como tal, o que é práctica habitual- é a alta prevalencia dos mesmos, sendo excepcional a porcentaxe de traballadores/as que non padece devandita conduta, mostrado pola barra verde.

Estrés percibido polo profesorado na súa relación co alumnado

Unha vez coñecida a prevalencia das distintas situacións de violencia que sofre o profesorado como consecuencia da súa relación co alumnado, é importante coñecer o nivel de estrés que tal relación lle produce, valorándose desde 0, a ausencia total de estrés, ata 10; nivel máximo de estrés percibido.

No cadro 3 observase o número respostas de cada nivel determinado de estrés


Cuadro 3.

Sexo	Valoración do Estrés e Malestar										
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Muller	19	45	39	36	34	69	43	82	68	28	32
Home	33	41	48	47	32	66	49	55	52	25	18

Segundo este cadro: o número de homes que afirman sentir o nivel máximo de estrés (10) debido á súa relación co alumnado é de 18. Con todo o número de mulleres que realizan tal afirmación é de 32.

Para unha mellor análise da situación representamos graficamente as respostas obtidas no cadro anterior.

Ilustración 4. Valoración do estrés do profesorado na súa relación cos alumnos.




Pódese observar, por exemplo, que as mulleres senten niveis de estrés maior que os homes, como se aprecia claramente nos niveis de valoración 7, 8 e 10.

Unha vez obtida a táboa de respostas (ilustracións 3 e 4), clasificamos os niveis de estrés percibido en categorías que permitan unha mellor análise da situación. Desta maneira:

- O intervalo 0-2 representa un nivel baixo de estrés.
- O intervalo 3-4 representa un nivel medio-baixo de estrés.
- O intervalo 5-6 indica un nivel medio de estrés.
- O intervalo 7-8 representa un nivel alto de estrés.
- O intervalo 9-10 representa niveis moi altos de estrés.

Aplicando esta agrupación de valores obtemos os resultados que aparecen na seguinte ilustración:


Ilustración 5. Valores de estrés percibidos polo profesorado na súa relación cos alumnos/as.



Nesta gráfica observamos que máis dun dez por cento do profesorado, 10,7 %, sente un nivel de estrés máximo (catalogado con valores 9 e 10 na escala de percepción subxectiva), mentres que unha cuarta parte do mesmo, un 26,7 %, sente *niveis de estrés alto*.

Facendo unha agrupación conxunta dos dous niveis, que podemos considerar como "perigosos", obtemos que o 37,4 % dos enquisados admite sentir niveis de *estrés altos* ou *moi altos*, como se pode observar visualmente na ilustración 6.

Ilustración 6. Valores de estrés percibido polo profesorado na súa relación cos alumnos/as.




A porcentaxe de traballadores/as que percibe niveis de estrés alto ou moi alto, é maior en valor absoluto (37,4 %) que o valor absoluto do resto de categorías tomadas de forma individual: 23,5 % estrés baixo, 15,5 % estrés medio-baixo ou 23,6 % estrés medio.

É de destacar que só un 5 % dos enquisados afirma non sentir ningún grao de estrés na súa relación cotiá co alumnado

Relacións familia-profesor

Facendo unha análise similar ao anterior bloque, na figura que vemos a continuación podemos apreciar as respostas que deron os/as docentes respecto ás súas relacións coas familias do alumnado.

Ilustración 7. Relacións entre familias do alumnado e profesorado.



Agresións físicas

O 96 % afirma non ter sufrido nunca agresións físicas por parte das familias. Pero unha porcentaxe acumulada do 4 % (3,3 % + 0,5 % + 0,2 %), afirma ter sufrido *algunha* vez unha agresión física por parte dos familiares dos alumnos/as.



Maltrato psicológico

Respecto a este apartado un 2,3 % afirma sufrilo con certa frecuencia e un 19,3 % polo menos *algunha* vez (suma dos valores algunha vez, con certa frecuencia, con moita frecuencia).


Insultos

O 76 % *nunca* sufriu insultos, pero o 24 % restante sufriu insultos *algunha* vez.

Estrés percibido polo profesorado na súa relación coas familias do alumnado

Facendo unha análise similar á realizada no apartado anterior, obtemos os niveis de estrés e malestar que sofre o/a docente nas relaciónes cos familiares do alumnado

Ilustración 8. Valores de estrés percibido polo profesorado na súa relación coas familias dos alumnos/as.




Observamos que a suma dos valores de estrés *moi alto* (8,5 %) e *alto* (11,1 %) afecta a un 19,6 % do profesorado enquisado. Esta porcentaxe, aínda sendo significativa -pois afecta a un de cada cinco traballadores/as- está moi por debaixo da cifras obtidas para o caso das relacións entre o alumnado e o profesorado.

Relación entre o profesorado

A seguinte ilustración representa a prevalencia das distintas situacións de violencia: insultos, agresións físicas, maltrato psicolóxico e acoso sexual, que se produce entre compañeiros de traballo dos centros escolares enquisados.

Ilustración 9. Relaciones entre o profesorado.



Pódese observar que as agresións físicas entre o profesorado son practicamente nulas, só nun 1,7 % dos casos produciuse *algunha vez* unha agresión física entre eles.

Respecto a os insultos entre o profesorado, tampouco é práctica habitual xa que só un 0,4 % dos enquisados afirma que se producen *con certa frecuencia*, constatándose, de forma puntual (*algunha vez*), nun 16,8 % da mostra.


O 15,3 % afirma que *algunha vez* sufriu maltrato psicolóxico por parte dos seus compañeiros/as, aínda que só nun 0,3 % o é *con moita frecuencia*. Este dato importante para a determinación de posibles casos de acoso laboral ou mobbing, pois é requisito indispensable, para que sexa recoñecido como tal, que este tipo de violencia teña un compoñente repetitivo no tempo; "polo menos unha vez á semana durante 6 meses", segundo a definición clásica de H. Leymann. Este dato indica que só un 0.3 % da mostra podería ser incluída nesta definición.

Respecto á porcentaxe de traballadores/as que afirma sentir acoso sexual no traballo, un 5,1 % que afirma telo sentido polo menos *algunha vez*, e un 0,4 %, afirma que o *sufre todos os días*.

Estrés percibido polo profesorado na súa relación cos seus compañeiros/ as de traballo

A gráfica 10 mostra a distribución de respostas en función do estrés percibido.

Ilustración 10. Valores de estrés percibido polo profesorado na súa relación cos seus compañeiros/as.



Devandita ilustración manifesta que porcentaxes ao redor do 65 % dos enquisados senten niveis baixos de estrés na súa relación cos compañeiros/as; é dicir as súas relacións, dende o punto de vista preventivo, son óptimas.


Aínda así o 14,4 % do profesorado sente valores altos ou moi altos de estrés nas súas relacións cos seus compañeiros/as de traballo, entendendo como tal o rango de estrés do 7 ao 10 na escala de percepción.



Relacións do profesorado ca dirección do centro

A ilustración 11 mostra a prevalencia das distintas situacións de violencia que se producen entre compoñentes da dirección dos centros e o profesorado.

Ilustración 11. Prevalencia das distintas situacións de violencia que percibe o profesorado respecto ao equipo directivo.




A gráfica revela claramente que a relación entre o equipo directivo do centro e o profesorado é, respecto ás distintas situacións de violencia, maioritariamente boa. Para todos os supostos contemplados o profesorado afirma que *nunca* sofren situacións de violencia en porcentaxes por riba do 90 %.

Con todo, de *forma puntual*, sófrense **insultos e maltrato psicológico** nun 8,2 % e 9,8 % respectivamente.

Por outra parte, o 2,4 % da mostra enquisada, afirma que ha sufrido **acoso sexual** *algunha vez* (sumando as porcentaxes dos que responderon case todos os días, con moita frecuencia, con certa frecuencia e algunha vez). No total da mostra realizada, 27 persoas recoñeceron que se sentiran hostigadas sexualmente.

Estrés percibido polo profesorado na súa relación co equipo directivo do seu centro

Ilustración 12. Valores de estrés percibido polo profesorado na súa relación co equipo directivo.



Esta gráfica mostra que porcentaxes por riba do 66 % dos enquisados afirma ter niveis de estrés baixo (0-2) na súa relación co equipo directivo. Non obstante un 15,6 % da mostra, sumando as cifras dos valores de estrés que van do 7 ao 10, recoñece que a súa relación co equipo directivo xéralle un nivel de estrés *moi alto* (7,4 %) ou alto (8,2 %).


Esta porcentaxe de estrés que consideramos "perigoso", ao estar por riba do rango normal, é do 15,6 %, sendo máis alto que o percibido nas relacións entre compañeiros/as (14,4 %), co agravante de que se produce con moitas menos interaccións persoais, pois a composición dos equipos directivos é moito menor que a cantidade de traballadores/as que existen nos centros, sendo a súa influencia, por tanto, significativamente máis alta.

Relación alumno-alumno

Para finalizar a revisión das distintas situacións de violencia que se poden producir nos centros educativos imos analizar as relacións que se establecen entre o alumnado e en que grao, estas, afectan ao profesorado.

A figura de abaixo reflexa, dende o punto de vista perceptivo do profesorado, a prevalencia dos distintos comportamentos "violentos" que se dan entre os alumnos/as: insultos, agresións físicas, maltrato psicolóxico ou acoso sexual.

Ilustración 13. Prevalencia de las distintas situaciones de violencia del alumnado entre sí.



Insultos

O comportamento do alumnado que o profesorado percibe con máis frecuencia son os insultos. O 6,3 % afirma observalo *case todo os días*, un 23,5 % admite percibilo, polo menos, *semanalmente* (sumando as porcentaxes dos apartados: *case todos os días* e *con moita frecuencia*) e máis do 50 % afirma que estes insultos danse con *certa frecuencia*, é dicir; po lo menos mensualmente. Só o 8,4 % dos profesores afirma que *nunca* observa.

Agresións físicas

Un 2,1 % do profesorado presencia agresións físicas entre o alumnado *case todos os días*. Se facemos unha agrupación de valores, analizando que porcentaxe de traballadores/as presencia agresións físicas *con moita frecuencia* (polo menos *semanalmente*), a porcentaxe sube a un 9,3 % -ao sumar os valores *case todos os días* (2,1 %) e *con moita frecuencia* (7,2 %)-. Por último un 27,1 % (2,1 % + 7,2 % + 17,8 %) obsérvao polo menos unha vez ao mes, é dicir; *con certa frecuencia*.

Maltrato psicológico

Como se pode observar na ilustración 13, un 2,1 % do profesorado admite presencia maltrato psicológico entre o alumnado *todos os días*, un 11,6 % *con moita frecuencia* (ao sumar os valores *todos os días*, e *con moita frecuencia*), un 35,1 % obsérvao, polo menos con certa frecuencia, e practicamente a totalidade do profesorado, un 80,7 % observouno *algunha vez*.

Acoso sexual


En referencia ao acoso sexual entre alumnos, o 69,0 % do profesorado sinala que nunca o observou. Non obstante, un 4,3 % do total da mostra afirma telo observado *con certa frecuencia*. Porcentaxe que, sumado con outros de distinta frecuencia, fai que un 30,5 % do profesorado admite telo observado, polo menos, *algunha vez*.



É importante recordar que estes datos non reflicten a porcentaxe total de alumnos/as que están sendo agredidos/as, insultados/as ou vexados/as, senón a porcentaxe de comportamentos, englobados dentro da categoría de violentos, que o profesorado admite observar. A estas cifras habería que engadir as producidas sen que o profesorado sexa consciente delas, pois este tipo de prácticas adóitanse realizar cando o profesorado non está presente: no patio, á saída de clase, no cambio de clase, etc. Polo tanto podemos afirmar, aínda que sen datos exactos, que a incidencia "real" destas situacións de violencia é moito máis elevada que os datos numéricos destas porcentaxes percibidas polo profesorado.

Como se pode observar na figura seguinte, en todos os casos, coa excepción do acoso sexual, a opción de frecuencia "nunca" -mostrada de cor verde- é a minoritaria. Isto indica que o habitual, o normal para o profesorado, é presenciar situacións de "violencia" entre alumnos/as: insultos, maltrato psicolóxico ou agresións físicas, o que nos pode dar una idea do ambiente de convivencia que se respira nos centros.

Ilustración 14. Comparación da prevalencia das distintas situacións de violencia que se producen entre o alumnado.




Ás veces, é relativamente fácil pasar o límite entre situacións agresivas moderadas, consideradas como "normais" ou " cousas de nenos" por algunhas persoas, a casos máis graves de acoso psicolóxico entre iguais (bullying). Este tipo de comportamentos violentos pode ter repercusións graves para a saúde física ou mental do alumnado afectado, sendo a xestión deste problema fonte de enormes tensións e malestar en toda a comunidade educativa.

Estrés que lle produce ao profesorado a relación dos alumnos/as entre si

Facendo unha análise similar á realizada durante todo o informe, obtemos a seguinte gráfica.


Ilustración 15. Estrés que percibe o profesorado debido á relación dos alumnos/as entre si.



Agrupando a porcentaxe de traballadores/as que perciben estrés por riba da normalidade, obtemos que un 7,6 % do profesorado afirma sentir niveis de estrés catalogado como **moi alto**, mentres que un 25,2 % afirma, que as relacións dos alumnos/as entre si, xéranlles niveis **altos** de estrés.

Se consideráramos como perigoso as respostas que identifican os valores de estrés percibido dentro da escala do 7 ao 10, notable e sobresaínte segundo a escala de valoración que tradicionalmente utilizamos nas cualificacións académicas, a porcentaxe do profesorado afectado por estes niveis de estrés tan altos **sería do 32,8 %**, como se pode observar na ilustración 16. Porcentaxe cuxo valor absoluto é maior que o do resto de categorías tomadas de forma individual: 23,2 % nivel baixo de estrés, 18 % nivel medio- baixo de estrés ou 26 % nivel medio de estrés.

Ilustración 16. Valores de estrés percibido polo profesorado debido á relación dos alumnos/as entre si



Estes resultados demostran que as propias relacións entre os alumnos, aínda que de forma indirecta, repercuten moito sobre o grao de estrés percibido polos docentes.

Se comparamos o nivel de estrés percibido por parte dos traballadores/as respecto as distintas relacións que se producen entre os distintos colectivos do ensino, obtemos os datos da gráfica seguinte.

Táboa 17. Comparación dos valores de estrés do profesorado en función do tipo de relación

NIVEL DE ESTRÉS	TIPO DE RELACIÓN				
	Profesor-alumno	Profesor-familias	Profesor-profesor	Profesor-Dirección	Alumno-alumno
Estrés baixo (0-2)	23,5%	53,8%	65,2%	66%	23%
Estrés medio- baixo (3-4)	15,5%	9%	8,2%	8,4%	18%
Estrés medio (5-6)	23,6%	17,6%	12,2%	9,7%	26%
Estrés alto (7-8)	26,7%	11,1%	7,3%	8,2%	25,2%
Estrés moi alto (9-10)	10,7%	8,5%	7%	7,4%	7,6%
Nivel de estrés alto ou moi alto (7-10)	37,4%	19,6%	14,3%	15,6%	32,8%

Sen ningunha dúbida, as dúas relacións que se producen nos centros escolares que xeran maior estrés nos traballadores/as son as relacións de violencia entre o alumnado- profesorado e as propias relacións de violencia do alumnado entre si. En ambos casos, o valor do nivel de estrés percibido como alto ou moi alto afecta a máis dun tercio do profesorado, con porcentaxes moi superiores aos que se producen nas relacións coas familias dos alumnos/as, entre os propios profesores ou co equipo directivo dos centros.

Desta maneira podemos afirmar, dende un punto de vista preventivo, que as situacións de violencia xeradas por alumnado son o principal estresor do colectivo docente. En consecuencia as medidas preventivas para liquidar esta circunstancia deberían ir orientadas a mellorar, controlar, legislar, favorecer, etc., as relacións profesor- alumno e a dos propios alumnos entre eles.



Valoración do estrés percibido en función do tipo de titularidade do centro

Táboa 18. Comparación dos valores de estrés percibido polos docentes, relacionados coas situacións de violencia alumno- profesor (A-P) e alumnos entre eles (A-A), en función da titularidade do centro.

NIVEL DE ESTRÉS	TIPO DE CENTRO					
	PÚBLICO		CONCERTADO		PRIVADO	
	A-P	A-A	A-P	A-A	A-P	A-A
Estrés baixo (0-2)	17,6%	19,2%	40,1%	34,2%	39,3%	29,2%
Estrés medio-baixo (3-4)	14,9%	17,3%	17,1%	20,3%	14,3%	16,7%
Estrés medio (5-6)	25,4%	27,7%	16 %	24,4%	28,6%	16,7%
Estrés alto (7-8)	29,1%	26,8%	20,1%	17,3%	10,7%	20,8%
Estrés alto (9-10)	13%	9%	6,7%	3,8%	7,1%	16,7%
Nivel de estrés alto ou moi alto (7-10)	42,1%	35,8%	26,8%	21,1%	17,8%	37,5%

A-P: Relacións alumnado- profesorado

A-A: Relacións alumnado entre si

Como se pode observar na táboa 18, a porcentaxe de traballadores/as con niveis de estrés alto ou moi alto debido ás situacións de violencia nos centros, é moito máis alto en traballadores/as de colexios de titularidade pública.

Hai que recordar que estes niveis de estrés percibido só fan referencia a cuestións especificamente relacionadas coas situacións de "violencia" que se producen nos centros escolares. Este informe no valorou outras fontes de estrés adicional que existen en centros privados ou concertados, e que non aparecen nos centros públicos, como poden ser a asunción de obrigas máis alá das docentes; como coidado de comedores ou obriga de realizar actividades extraescolares, ter máis horas lectivas, ter maior inestabilidade laboral ou salarios sensiblemente inferiores que os traballadores/as da función pública.

Estrés producido pola violencia nos centros fronte a outras fontes de estrés docente

Nos bloques anteriores determinamos a prevalencia das distintas situacións de "violencia" que sufrían os docentes na súa actividade laboral e, posteriormente, analizamos os niveis de estrés que estas circunstancias producían no profesorado, determinando que grao de estrés se debía

a cada colectivo concreto da comunidade educativa; alumnado, familias do alumnado, os propios compañeiros/as de traballo ou o equipo directivo.

Habendo determinado xa que as distintas situacións de violencia que se producen nos centros escolares xeran un nivel de estrés alto ou moi alto en porcentaxes do profesorado que está entre o 30-40%, neste apartado queremos determinar que peso ten o estrés xerado debido á violencia respecto a outras situacións potencialmente estresantes ás que tamén está exposto o profesorado como consecuencia da súa actividade laboral.

Para lograr este obxectivo utilizamos un instrumento de medida do estrés no colectivo docente (4) no que se analizan as súas causas, tendo en conta aspectos da actividade laboral como a forma na que se organiza o traballo, a flexibilidade horaria, o salario ganado, a posibilidade de promoción do profesorado ou as distintas situacións de violencia que se producen na aula (organizadas en 56 preguntas que se poden consultar no modelo de cuestionario que aparece no apartado 7 do anexo que axuntamos ao final do capítulo).

Despois da correspondente análise estatística, os 8 factores que máis niveis de estrés producían ao profesorado foron os relacionados especificamente coas distintas situacións de violencia que se daban nos centros escolares. Estes valores estiveron moi por riba dos relacionados con outros factores potencialmente estresantes.

Estas cifras reforzan e complementan os datos obtidos nos bloques anteriores e axudan a entender que a principal fonte de estrés do colectivo docente é o clima de convivencia dos centros, con porcentaxes de estrés percibido moi por riba doutras fontes de estrés como puidera ser a adecuación do salario, a imposibilidade de promoción ou a falta de vocación, por poñer algúns exemplos.

As principais causas de estrés entre as 56 preguntas propostas no cuestionario, foron as seguintes:

1. **Temor a sufrir unha agresión física por parte dos alumnos** que produce niveis de estrés alto ou moi alto (valores 7-10) no 50,2 % dos casos. De feito un 18 % da mostra contestou que esta situación prodúcelles niveis de estrés máximo, o situado entre os valores 9 e 10 de percepción.



2. **Falta de respaldo dos pais en problemas de disciplina** que produce niveis de estrés alto ou moi alto no 49 % dos casos.
3. **Presenciar agresións físicas entre os alumnos/as** que produce niveis de estrés con valores 7-10 no 47,91 % do profesorado enquisado.
4. **Ensinar a persoas que non valoran a educación** que produce niveis de estrés alto ou moi alto no 43,5% dos casos.
5. **Impartir clase a un número alto de alumnos/as** que produce niveis de estrés con valores comprendidos entre 7-10, é dicir; alto ou moi alto, no 42,1 % dos casos.
6. **Agresións verbais por parte dos alumnos/as** que produce niveis de estrés alto ou moi alto no 41,7 % do profesorado.
7. **Desconsideración por parte dos alumnos/as** que produce niveis de estrés (entre os valores 7-10) no 40,31 % dos casos.
8. **Manter a disciplina ao impartir clase** que produce niveis de estrés alto ou moi alto no 40,39 % dos enquisados.

É de destacar, se recordamos os datos presentados ao principio, que un 7,4 % dos profesores recoñecía ter sufrido unha agresión física algunha vez, e que "só" un dous por cento admitía que sufría agresións físicas con certa frecuencia. Estes datos, aparentemente baixos nunha percepción exclusivamente cuantitativa, contrastan con el temor que teñen os traballadores/as do ensino a sufrir unha agresión física por parte do alumnado, que no 50,2 % dos casos lles xera niveis de estrés por riba do 7 na escala de percepción, e que catalogamos como alto ou moi alto.

Recordamos que no proceso de xeración de estrés, este, prodúcese como reacción defensiva ante unha situación de ameaza. O profesorado, nunha proporción moito máis alta que a prevalencia das agresións físicas que realmente se producen, ten medo (en forma de estrés) a que esta situación poida ocorrer, é dicir, percibe un contorno de traballo non seguro.

Como se pode observar, o resto das preguntas que reflectiron niveis máis altos de estrés percibido son cuestións relacionadas cos comportamentos disruptivos dos alumnos/as: falta de respaldo dos pais en problemas de disciplina, o feito de ensinar a persoas que non valoran a educación, impartir clase a un número alto de alumnos/as, agresións verbais por parte do alumnado, desconsideración por parte dos alumnos/as e problemas para manter a disciplina ao impartir clase. Todas estas situacións, sen ser causa directa do que tradicionalmente se considera violencia, son fontes de estrés no colectivo do ensino. A exposición sostida a este tipo de situacións está erosionando a saúde, física e mental do profesorado, tendo como consecuencia o aumento dos índices de desengano profesional e a xeración de trastornos para a saúde como síndrome do queimado ou depresión.


Outro dato significativo, que se extrae deste cuestionario de valoración de estrés, é o aumento das porcentaxes de niveis de estrés alto respecto ás puntuacións obtidas cando se valoraban as distintas relacións entre a comunidade educativa (entre profesores, alumnos, familias, etc.). Recordamos, por poñer só un exemplo, que a relación do profesorado cos alumnos/as supoñía niveis de estrés percibido, por riba de valores de 7, no 37,5 % dos casos. En cambio, a resposta directa a preguntas como: Que grao de estrés lle supoñen: as agresións físicas dos alumnos/as, a desconsideración dos mesmos, as agresións verbais destes ou a imposibilidade de dar clase?, estes valores aumentan a porcentaxes preto do 50 %.

Este aumento significativo nestas porcentaxes pódense explicar pola especificidade das preguntas do cuestionario respecto ás preguntas xenéricas da primeira parte do estudio, que valoraba unha determinada relación entre persoas, nesa valoración tamén entran aspectos positivos de apreciación. Así, cando os traballadores/as valoraban o estrés que lles producía a relación específica cos alumnos/as, esta estaba mediatizada polos compoñentes positivos da mesma, xa que tamén se dan relacións positivas entre alumno e profesor, atenuando os niveis de estrés percibido. En cambio á pregunta directa sobre un determinado ítem, pérdese este valor xeral de apreciación, centrándose a resposta, en exclusividade, ante o feito preguntado, non existindo ningún valor que diminúa o nivel de estrés percibido.

Baixas laborais do profesorado

Na gráfica 19 móstranse as baixas sufridas polo profesorado enquisado durante os últimos 5 anos. Estes datos obtivéronse segundo a declaración dos propios enquisados.

Ilustración 19. Porcentaxe de baixas do profesorado nos últimos 5 anos da súa experiencia laboral.




Apréciase que case a metade dos enquisados (48,7 %) recoñeceu ter sufrido algunha baixa médica nos últimos 5 anos, porcentaxe que obtivemos ao restar a porcentaxe de profesores que nunca sufriron unha baixa médica (51,3 %) á porcentaxe total de traballadores/as (100 %).

Preto dun 10 % sufriu baixas médicas, de máis de 3 días, nos últimos 5 anos, un 1,2 % baixas de 6 a 10 días e un 0,8 % baixas de máis de 10 días.

Aos enquisados preguntóuselles se, baixo a súa percepción, algunha das súas baixas laborais era produto do estrés sufrido como consecuencia do traballo. Os resultados desta pregunta aparecen no cadro seguinte.

Ilustración 20. Porcentaxe de baixas laborais que o profesorado pensa que se deben ao estrés.



Nos casos de baixas de menos de 3 e de máis de 10 días máis dun quinto dos traballadores/as, en proporción preto a un de cada catro, pensan que a súa enfermidade ou patoloxía débese ao estrés que sofre. Porcentaxes moito máis amplas que as que aparecen na IV Enquisa Nacional de Condicións de Traballo, que as cifra entono ao 4,6 %.

Hai que ter en conta que, a estes datos, habería que sumarlles a porcentaxe de traballadores/as que non son conscientes que a baixa que sofren débese ao estrés, cifra que sempre es á alza respecto á obtida.

Utilizando filtros estatísticos complexos comprobouse que a correlación entre baixas laborais e percepcións de estrés altos debido ás situacións de violencia, é estatisticamente significativa.


Medidas de resposta e prevención ás distintas situacións de violencia

Respecto ás medidas preventivas que poden existir nos centros escolares para combater as situacións de violencia nas aulas: plans de convivencia, medidas para favorecer a diversidade, plans de mediación, réxime disciplinario, protocolos fronte á violencia escolar, protocolos de actuación fronte ao bullying ou protocolos de actuación contra o acoso escolar, pedíuselle ao profesorado enquisado que responderan se:

- Existen e aplícanse.
- Existen, pero non se aplican.
- Non existen.

Os resultados de ditas respostas aparecen na figura 21.

Ilustración 21. Panorama xeral das medidas de resposta e prevención.



Na maioría dos casos, excepto para os protocolos de acoso, o profesorado enquisado afirma -en porcentaxes que van do 63-81 %- que as distintas medidas preventivas descritas existen, e aplicanse.


A medida preventiva máis implantada son os réximes disciplinarios, que existen aplicanse no 81,5% dos casos.

Nunha pregunta posterior instouse ao profesorado a que valoraran a calidade de tales medidas, seguindo a valoración:

- 0-4: suspenso.
- 5-6: aprobado.
- 7-10: notable.

Segundo se pode observar na figura seguinte, só un 14,7 % considera insuficientes as medidas preventivas que se aplican no seu centro, mentres que un 57 % considéraas "notables".

Ilustración 22. Panorama xeral das medidas de resposta e prevención.



A análise destes datos é, desde o punto de vista preventivo, realmente contradictorio. Parece incongruente que exista toda unha serie de medidas preventivas, valoradas maioritariamente de forma notable- sobresaínte, e non obstante exista unha percepción de risco alto ou moi alto como ocorre no caso de risco percibido a sufrir unha agresión por parte dos alumnos/as ou coas situacións de disrupción na aula. Precisamente os datos de estrés percibido para as distintas situacións de violencia nos centros escolares, indican que os instrumentos preventivos para o seu afrontamento ben son insuficientes e/ou son inadecuados. A finalidade de calquera instrumento preventivo é eliminar ou diminuír a exposición do traballador/a a un determinado risco. A magnitude tanto das frecuencias de insultos, agresións, maltrato, etc., como a dos niveis de estrés que estas situacións xeran, determinan implicitamente que estes instrumentos preventivos non están funcionando axeitadamente.


Unha conclusión que se pode extraer destes datos é que o colectivo de traballadores/as dos centros escolares está mal informado sobre os riscos do estrés e as súas consecuencias para a saúde, e asume a exposición a estes niveis de estrés laboral como algo consubstancial ao desempeño do seu traballo. Percepción errónea, pois ningún risco laboral debe ser asumido como normal, senón partir do principio preventivo de que todo risco debe ser eliminado, reducido ou controlado.

Resumo de conclusiones

É indubidable que as relacións de violencia que se dan nos centros escolares crean un clima de traballo que é percibido como “perigoso” por un gran número de traballadores/as. Baixo estas condicións, o profesorado ten niveis de estrés percibido alto ou moi alto, en porcentaxes que chegan case ao 40% da poboación enquisada. Esta percepción de estrés débese, fundamentalmente, á conduta do alumnado na súa relación co profesorado e aos distintos comportamentos; en forma de insultos, agresións e maltrato psicolóxico que se dan entre os propios alumnos/as, y cuxa xestión por parte do profesorado é fonte en si mesma de malestar e estrés.

Dentro das múltiples relacións de “violencia” que se producen nos centros escolares, e que definíamos como *un comportamento deliberado, que provoca, ou pode provocar, danos físicos ou psíquicos a outros seres* (definición que non só inclúe á agresión física), a **disrupción nas aulas** constitúe a situación que se produce con máis frecuencia pois o 34,1 % enquisado afirma sufrilo con moita frecuencia, é dicir todas as semanas e o 56,5 % con certa frecuencia, o que significa, polo menos, unha vez ao mes.

Cando falamos de disrupción estámonos referindo ás situacións producidas na aula na que algúns alumnos/as impiden, co seu comportamento, o desenvolvemento normal da clase.



O profesorado necesita empregar cada vez máis tempo en controlar a disciplina e a orde e produce un progresivo desgaste psicolóxico no traballador/a.

A maior parte das condutas típicas de disrupción, en si mesmas e consideradas de forma illada, no poden considerarse como situacións de violencia. Non obstante é relativamente fácil traspasar a fronteira entre situacións de disrupción e situacións de indisciplina máis graves. Xorden problemas de convivencia nos que son frecuentes faltas de educación, contestacións, situacións de boicot pasivo e incluso insultos, que é un tipo de violencia verbal. Nalgúns casos a escala do conflito pode ir crecendo ata xerar situacións de violencia graves.

Estas situacións son xeradoras de malestar entre os traballadores/as dos centros educativos e de feito son causantes de que case o 40 % dos enquisados afirmen que, a xestión de todo este proceso, prodúcelles niveis de estrés alto ou moi alto.

Estas situacións laborais continuas xeran moita insatisfacción e desgaste persoal e profesional. Segundo a múltiple bibliografía existente este malestar pode evolucionar ata situacións potencialmente prexudiciais para a saúde –estrés crónico, depresións ou síndrome do queimado– na que o profesorado e resto dos traballadores/as do ensino son un colectivo diana.

É verdade que as agresións físicas directas ao profesorado por parte de alumnos/as o as súas familias son escasas. Non obstante un 7,4 % do profesorado enquisado, admite ter sido agredido fisicamente algunha vez, mentres que case un dos por cento –19 profesores/as de entre os máis de mil que responderon á enquisa– afirma ser agredido fisicamente con certa frecuencia.

Non obstante, parécenos interesante apuntar que, aínda que “só” un 7,4 % dos profesores recoñecía sufrir unha agresión física e “só” un dous por cento admitía sufrir agresións físicas con certa frecuencia; a máis da metade dos enquisados xéralles niveis de estrés moi alto, por riba do 7 na escala de percepción, a posibilidade de sufrir unha agresión.

Este dato reflicte que o clima de convivencia nos centros escolares non é o máis axeitado e que unha proporción moi alta do profesorado xera niveis elevados de estrés como resposta a esa situación que percibe como “ameazante”.

No estudio no delimitamos o tipo, nin a gravidade das agresións físicas. En estudos posteriores sería interesante analizar con maior especificidade este tipo de situacións.

Respecto ao nivel de estrés percibido polos profesores como consecuencia das relacións entre eles ou co equipo directivo, dicir que é significativamente máis pequeno que a que lle produce a súa relación cos alumnos/as. De esta maneira en porcentaxes próximas ao 65 % dos enquisados afirman que a súa convivencia cos compañeiros/as e equipos directivos xéralles niveis de estrés baixos, mentres que só o perciben de forma negativa, porcentaxes entornando ao 20 %.

Non obstante un 0,8 % do profesorado declara que é maltratado psicolóxicamente con certa frecuencia, mentres que un 0,6 % afirma sentir acoso sexual coa mesma frecuencia. Habería que estudar estes casos con maior profundidade, pois puidera ser que nos encontráramos ante casos de acoso laboral ou mobbing, que se caracterizan por situacións de violencia sostida no tempo.

Sen ningún tipo de dúbida, a relación entre os alumnos entre si, e a xestión dos problemas de convivencia que xorden entre eles, estresan ao profesorado en niveis comparables ao que lle produce o seu contacto directo con eles e que son moi superiores aos niveis de estrés debidos ás relacións entre profesores, co equipo directivo e cos familiares dos alumnos.

A inmensa maioría dos enquisados admite observar con moita frecuencia comportamentos como insultos, agresións físicas, maltrato psicolóxico ou acoso sexual entre alumnos. Esta circunstancia é relevante á hora de valorar o clima de convivencia dos centros escolares e os posibles casos de bullying que se poidan producir.

Estas situacións, aínda sendo certas para todo o colectivo enquisado, son especialmente preocupantes nas mulleres, que perciben niveis de estrés sensiblemente maiores que os percibidos polos seus compañeiros.

Para finalizar unha última consideración. Ao largo de este estudio determinamos a prevalencia das situacións de "violencia" que se producen nos centros escolares, e máis alá de se se dá en moita ou pouca proporción, vimos claramente que está presente nos centros escolares. Observamos, sen ningún tipo de dúbidas, que ese tipo de relacións persoais, producen niveis de estrés percibido alto, ou moi alto, en porcentaxes elevadas do profesorado. O estrés é unha reacción do organismo a unha situación de ameaza e, segundo toda a bibliografía existente, é susceptible de producir trastornos para a saúde en diferentes graos: trastornos musculares, ansiedade, depresión, síndrome do queimado, etc. Con esta relación causa efecto podemos determinar, sen temor a equivocarnos, que *a violencia nos centros escolares é un factor de risco*, pois debemos recordar que un risco laboral é a posibilidade de que un traballador/a sufra un determinado dano derivado do seu traballo, e está claro que a exposición dos traballadores/as do ensino aos niveis de estrés que determinamos, pode producir dano.

Múltiples estudos e publicacións describen a relación entre o estrés e o desenvolvemento de distintas enfermidades, polo tanto é suficiente con determinar que o colectivo docente sofre niveis de estrés alto, como observamos no estudio, para determinar que existe unha posibilidade de que este estrés derive nunha enfermidade.

Non é necesario, como pretenden algúns colectivos, constatar que unha porcentaxe alta de traballadores/as do ensino desenvolveu finalmente ditas enfermidades, pois a Lei de Prevención de Riscos Laborais ten como obxecto -como di o seu propio nome- previr a aparición dun determinado risco antes de que se produza, é dicir, ten como finalidade eliminar a posibilidade de que dito dano materialícese. Non obstante o estudio mostra que unha porcentaxe elevada dos traballadores/as achacan ás súas baixas laborais a problemas derivados do estrés, reflectindo a correlación estatística existente entre baixas laborais e niveis de estrés percibidos.

ANEXO

		<h3>Estudio de Riesgos Psicosociales en el Sector de Enseñanza: Violencia y Estrés</h3>	<p>FINANCIADO POR:  FUNDACIÓN PARA LA PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES</p>		
<p>A través de este cuestionario ANÓNIMO, pretendemos conocer las situaciones de violencia y estrés que se producen en los centros de enseñanza y que padecen quienes trabajan en los mismos. Para ello necesitamos que nos dedique un tiempo cumplimentando el conjunto de preguntas que encontrará a continuación. Están dedicadas a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Conocer las posibles situaciones de violencia que vd. padezca o pueda padecer, y sus opiniones respecto a los factores que puedan influir. • Delimitar el nivel de estrés que vd. soporta y las causas del mismo. • Establecer el nivel de salud que vd. considera que tiene. <p>Las respuestas que le solicitaremos siempre consistirán en marcar la alternativa que mejor describa su situación o consideraciones y podrá encontrar, fundamentalmente, dos tipos de formatos...</p> <p><input type="checkbox"/> Una escala en la que se tratará de que valore la frecuencia con la que se dan o han dado dichas situaciones, con los siguientes valores: "Nunca", "Alguna vez, de forma puntual", "Con cierta frecuencia", etc...</p> <p><input type="checkbox"/> Una escala como las tradicionales "notas escolares" de 0 a 10, en la que vd. tendrá que puntuar el impacto o la influencia de esas situaciones.</p>					
<p>BLOQUE 1. RELACIONES ALUMNADO-PROFESOR</p> <p>1.- ¿Has sufrido insultos o faltas de respeto graves por parte de los alumnos?.....</p> <p>2.- ¿Has sufrido agresiones físicas de los alumnos?.....</p> <p>3.- ¿Has sufrido por parte de los alumnos amenazas, coacción, presiones, etc...?.....</p> <p>4.- ¿Has sufrido comportamientos disruptivos que te impiden dar clases con normalidad como hablar en clase, interrumpir el trabajo con bromas, risas y gamberradas, mofarse de los compañeros, contestaciones no muy graves, etc...?.....</p>	<p>Nunca</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Alguna vez de forma puntual</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Con cierta frecuencia: por lo menos una vez al mes</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Con mucha frecuencia: por lo menos semanalmente</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Casi todos los días</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>
<p>5.- Valora el nivel de estrés y malestar que te generan este tipo de situaciones con los alumnos</p> <p style="text-align: center;">  0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10  </p>					
<p>BLOQUE 2. RELACIONES FAMILIA-PROFESOR</p> <p>6.- ¿Has sufrido insultos o faltas de respeto graves por parte de las familias de los alumnos?.....</p> <p>7.- ¿Has sufrido agresiones físicas por parte de las familias de los alumnos?.....</p> <p>8.- ¿Has sufrido maltrato psicológico: amenazas, coacción, etc., por parte de las familias de los alumnos?.....</p>	<p>Nunca</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Alguna vez de forma puntual</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Con cierta frecuencia: por lo menos una vez al mes</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Con mucha frecuencia: por lo menos semanalmente</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Casi todos los días</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>
<p>9.- Valora el nivel de estrés y malestar que te generan este tipo de situaciones con las familias</p> <p style="text-align: center;">  0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10  </p>					
<p>BLOQUE 3. RELACIONES PROFESOR-PROFESOR</p> <p>10.- ¿Has sufrido insultos o faltas de respeto graves por parte de tus compañeros de trabajo?.....</p> <p>11.- ¿Has sufrido agresiones físicas por parte de tus compañeros de trabajo?.....</p> <p>12.- ¿Has sufrido maltrato psicológico: amenazas, coacción, etc., por parte de tus compañeros de trabajo?.....</p> <p>13.- ¿Has sufrido hostigamiento sexual por parte de tus compañeros de trabajo?.....</p>	<p>Nunca</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Alguna vez de forma puntual</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Con cierta frecuencia: por lo menos una vez al mes</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Con mucha frecuencia: por lo menos semanalmente</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Casi todos los días</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>
<p>14.- Valora el nivel de estrés y malestar que te generan este tipo de situaciones con los compañeros</p> <p style="text-align: center;">  0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10  </p>					
<p>BLOQUE 4. RELACIÓN DIRECCIÓN DEL CENTRO-PROFESOR</p> <p>15.- ¿Has sufrido insultos o faltas de respeto graves por parte del equipo directivo del centro?.....</p> <p>16.- ¿Has sufrido agresiones físicas por parte del equipo directivo del centro?.....</p> <p>17.- ¿Has sufrido maltrato psicológico: amenazas, coacción, etc., por parte del equipo directivo del centro?.....</p> <p>18.- ¿Has sufrido hostigamiento sexual por parte del equipo directivo del centro?.....</p>	<p>Nunca</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Alguna vez de forma puntual</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Con cierta frecuencia: por lo menos una vez al mes</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Con mucha frecuencia: por lo menos semanalmente</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>	<p>Casi todos los días</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p>
<p>19.- Valora el nivel de estrés y malestar que te generan este tipo de situaciones con la dirección del centro</p> <p style="text-align: center;">  0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10  </p>					

BLOQUE 5. RELACIÓN ALUMNO-ALUMNO										
	Nunca	Alguna vez de forma puntual	Con cierta frecuencia: por lo menos una vez al mes	Con mucha frecuencia: por lo menos semanalmente	Casi todos los días					
20.- ¿Has observado insultos o faltas de respeto graves entre los alumnos?.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
21.- ¿Has observado agresiones físicas entre los alumnos?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
22.- ¿Has observado maltrato psicológico: amenazas, coacción, etc., entre los alumnos?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
23.- ¿Has observado hostigamiento de carácter sexual entre alumnos?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
24.- ¿En qué medida repercuten estas situaciones de acoso entre el alumnado en tu nivel de estrés?	0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10									
BLOQUE 6. MEDIDAS DE RESPUESTA Y PREVENCIÓN										
	No existen	Existen "en teoría", pero no se aplican	Existen y se aplican correctamente							
25.- Protocolos de actuación para casos de acoso entre el profesorado.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>							
26.- Protocolos de actuación para casos de acoso entre el alumnado (bullying)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>							
27.- Protocolos de actuación para casos de violencia	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>							
28.- Planes de convivencia	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>							
29.- Medidas de atención a la diversidad	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>							
30.- Planes de mediación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>							
31.- Régimen disciplinario interno	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>							
32.- Ponele una nota a las medidas de prevención de la violencia que se toman en tu centro.	0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10									
BLOQUE 7. CUESTIONARIO DE ESTRÉS LABORAL. Cuestionario de estrés de Docentes INSHT										
¿En qué medida le afectan y son fuentes de tensión para vd. las siguientes situaciones ("0"=mínima tensión / "10"=máximo estrés)?										
33.- Agresiones verbales por parte de los alumnos.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
34.- Mal ambiente en el grupo de profesores.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
35.- Mantener la disciplina al impartir la clase.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
36.- Mala consideración de la sociedad hacia mi profesión.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
37.- Enseñar a personas que no valoran la educación.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
38.- Falta de información acerca de lo que debo hacer.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
39.- Los profesores en conjunto pueden influir poco en las decisiones del centro.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
40.- Cuando se valora mi actuación por parte de los demás.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
41.- Falta de respaldo de los padres en problemas de disciplina.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
42.- Agresiones físicas de los alumnos.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
43.- Rivalidad entre grupos de profesores.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
44.- Impartir clase a un grupo con un número elevado de alumnos.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
45.- Trabajo excesivamente repetitivo y monótono.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
46.- Falta de participación en la toma de decisiones en el centro.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
47.- Inestabilidad en mi puesto de trabajo (posibilidad de quedarme sin trabajo).....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
48.- La excesiva supervisión de mi trabajo.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
49.- Malas relaciones con superiores jerárquicos.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
50.- Conflicto entre las necesidades de mi departamento y los puntos de vista de la Dirección.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
51.- Pocos profesores para el número de alumnos que hay.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
52.- Tratar con los problemas normales de comportamiento de los alumnos.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
53.- Presenciar las agresiones entre alumnos.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
54.- Esquemas de trabajo muy poco definidos.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
55.- Falta de información sobre cómo debo hacer mi trabajo.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
56.- Formación no adecuada para responder a todas las demandas.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
57.- Desconsideraciones por parte de los alumnos.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
58.- Desconocimiento ante muchas de las exigencias a las que me enfrento.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
59.- Impartir las clases en una lengua que no es mi lengua materna.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
60.- Indefinición de mis responsabilidades.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
61.- Alumnos que intentan probarte en todo momento para ver hasta dónde llegas.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
62.- Falta de recursos o materiales para realizar mi trabajo.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
63.- Realizar cosas con las que no estoy de acuerdo.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
64.- Recibir instrucciones incompatibles u opuestas.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
65.- Presiones en el ámbito del centro para obtener unos determinados resultados.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
66.- Salario bajo en relación al trabajo que desempeño.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
67.- El hecho de que ser un buen profesor no implique necesariamente promoción.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
68.- Constantes cambios que tienen lugar en mi profesión.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
69.- Falta de oportunidades para solicitar traslados.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
70.- Carencia de formación para enfrentarme con algunas situaciones.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
71.- La constatación de que no me gusta la Enseñanza.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
72.- La realización de cambios inadecuados.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
73.- Falta de información sobre cómo han de instaurarse los cambios.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

2. Situaciones de violencia nos centros escolares como factor de riesgo psicosocial



SITUACIÓNS DE VIOLENCIA NOS CENTROS ESCOLARES COMO FACTOR DE RISCO PSICOSOCIAL

A violencia xera violencia, é unha máxima que está no refraneiro popular. Os centros educativos son un fiel reflexo dunha sociedade violenta. Os/as mozos/as imitan ou reproducen situacións de violencia que están presentes ao seu redor: na súa familia, nos medios de comunicación, nas películas, no deporte profesional, etc. Repiten unha conducta acorde á que lle ofrecen os seus referentes. Todos estes condicionantes sociais fan que os centros escolares sexan contornos cada vez máis violentos.



Neste capítulo faremos unha breve descrición das principais situacións de violencia nas aulas, e como estas **supoñen un factor de orixe psicosocial que pode influír sobre a saúde física, psicolóxica e social do traballador ou traballadora**, tendo, ademais, unha enorme repercusión no desenvolvemento da actividade laboral dos membros da comunidade educativa.

DEFINICIÓN DE FACTOR DE ORIXE PSICOSOCIAL

Existe unha forte correlación entre unha serie de factores presentes no contorno laboral, e relacionados exclusivamente coa actividade laboral, e unha serie de trastornos da saúde que aparecen como consecuencia do traballo que se realiza.

Estes trastornos, de gravidade variable, poden clasificarse desde meros sentimentos de insatisfacción e desmotivación pola profesión ata enfermidades e patoloxías máis graves como o estrés, o síndrome do queimado, a depresión, etc.

Os **factores psicosociais** son *aquelas condicións presentes no contorno laboral que teñen capacidade para afectar tanto á saúde e benestar do/a traballador/a como ao desenvolvemento do seu traballo.*

CLASIFICACIÓN DOS FACTORES DE ORIXE PSICOSOCIAL

As condicións presentes no traballo que teñen capacidade para afectar ao benestar o á saúde dos traballadores/as son numerosos e de diferente natureza. Comprenden **aspectos do medio físico** como a temperatura, humidade ou compostos químicos, **modos de organización do traballo** como o horario de traballo, ritmo e demanda do traballo ou falta de autonomía ou **características das relacións humanas dentro do centro.**

Factores de orixe psicosocial son:


a. Factores que se refiren á propia tarefa. Existe unha serie de características propias da tarefa que poden influir negativamente sobre o benestar, tanto físico como mental, do/a traballador/a:

- **Sobrecarga de traballo.** Prodúcese cando o volume, a magnitude ou complexidade da tarefa ou o tempo dispoñible para realizala, está por encima da capacidade de resposta do/a traballador/a.
- *Infracarga do traballo.* Prodúcese cando o volume de traballo está moi por debaixo do necesario para manter un mínimo nivel de activación no/a traballador/a.
- *Infrutilización de habilidades.* Prodúcese cando as actividades da tarefa están moi por debaixo da capacidade profesional do/a traballador/a.
- *Reiteración.* Se non existe unha gran variedade de tarefas a realizar, pois son monótonas e cotiás ou son repetidas en ciclos de moi pouco tempo, xeralmente produce niveis altos de insatisfacción laboral.
- *Ritmo de traballo excesivo.* O tempo de realización do traballo está marcado polos requisitos da tarefa a realizar, concedendo a organización pouca autonomía para adiantar ou atrasar o seu traballo ao traballador/a.
- *Elevada responsabilidade do posto de traballo.* Cando a tarefa do/a traballador/a implica unha gran responsabilidade, o/a traballador/a pode sufrir situacións emocionalmente estresantes.
- *Grado de atención.* Un elevado grado de concentración na tarefa, realizado durante un período largo de tempo, produce un desgaste emocional no/a traballador/a.
- *Ausencia de autonomía no emprego.* Xeralmente xera elevados niveis de insatisfacción.
- *Grado de implicación afectiva no traballo.* En algúns casos xéranse situacións de desgaste emocional, segundo se describen no apartado relacionado co Burnout ou síndrome do queimado.

b. Estilos de dirección inadecuados. Por exemplo demasiado autoritarios e con ampla e estricta supervisión dos/as superiores, restrinxíndose o poder de decisión e a iniciativa dos/as traballadores/as.

c. Horario de traballo. Estructura en gran medida a forma de vida da poboación activa e, evidentemente, repercute na saúde dos/as traballadores. Sendo importante dentro deste apartado:

- A duración da xornada de traballo.
- O número e a importancia das pausas.
- A posibilidade de traballar a quendas e/ou con horario nocturno. Plántea un conxunto de problemas debidos ao cambio constante de horario e a súa incidencia sobre a vida familiar e social do/a traballador/a.



d. Conflicto de rol. Fai referencia á existencia de demandas laborais conflitivas, ou contrapostas, de forma que impiden ao traballador/a a toma de decisións claras e/ou rápidas sobre o que facer.

e. Ambigüidade de rol. É a falta de claridade sobre o traballo que se debe desempeñar, os obxectivos e o alcance das responsabilidades propias do cargo.

f. Promoción no traballo. Moitas veces, a partición e especialización do traballo dificultan que os/as traballadores/as adquiran habilidades e cualificacións necesarias para mellorar a súa mobilidade laboral e as súas expectativas profesionais.

g. Información e a comunicación. Para realizar satisfactoriamente os obxectivos propios de cada tarefa é necesario dispoñer da información necesaria para o seu desenvolvemento, sendo importante:

- A comunicación entre compañeiros.
- A comunicación entre a empresa e as persoas que traballan nela.

h. Participación do/a traballador/a:

- Elemento de mellora doutros factores da organización. O feito de participar contribúe á formación e ao crecemento persoal de quen participa, posto que lles ensina técnicas de resolución de problemas, a analizar o que lles rodea, a buscar alternativas, a traballar en equipo, a mellorar a súa comunicación, etc.
- A súa ausencia leva a unha falta de control do individuo sobre as súas propias condicións de traballo.

i. Traballar nun contexto físico perigoso. A conciencia dos/as traballadores/as a unha exposición constante a ambientes laborais perigosos xera moito estrés laboral.

j. Factores ambientais. Deficientes condicións de temperatura, humidade, iluminación, etc., fan que o/a traballador/a non poida realizar a súa actividade laboral en condicións axeitadas.

k. Falta de formación, de adestramento ou de aclimatación previa ao desempeño dunha determinada tarefa. Xera inseguridade na realización do traballo e nas capacidades do/a propio/a traballador/a, podendo xerar situacións de estrés.

l. Relacións interpersoais e grupais. Unhas relacións persoais inadecuadas no lugar de traballo, onde se pasa gran parte da xornada diaria, son, en si mesmas, causa de estrés. O contido deste capítulo centrase, especificamente, nas distintas situacións de violencia nos centros escolares, destacando como máis características.



A VIOLENCIA NAS AULAS COMO FACTOR PSICOSOCIAL

Xeralmente sóese asociar, en exclusiva, violencia con agresión física. Sen embargo este concepto debe ser máis amplo e debe incluír condutas como insultos, vexacións, ameazas, ou outro tipo de situacións, que sexan capaces de intimidar ou "violentar" ao que as sofre. Moitas veces non é fácil delimitar as fronteiras da violencia escolar. A súa percepción, e tolerancia á mesma, é distinta dependendo das persoas que a observan.

Nos centros escolares danse situacións de violencia que non supoñen ningún tipo de dúbida: agresións físicas e acoso sexual, roubos, actos de vandalismo contra o mobiliario, trapicheo de droga, etc., pero tamén se dan situacións de violencia nas relacións persoais, insultos, faltas de respecto, humillacións e abuso de forza, racismo, implícito ou encuberto e exclusións sociais. Escenarios que xeran situacións de conflito, dificultan a convivencia escolar e que impiden un adecuado clima de ensino.

As situacións de violencia que se producen nos centros educativos podémolas clasificar en:

- Disrupción nas aulas e problemas de disciplina. Conflitos entre profesorado e alumnado.
- Agresións físicas e/ou psicolóxicas aos traballadores/as.
- Acoso laboral, presión laboral tendenciosa ou mobbing.
- Maltrato entre compañeiros («bullying»).
- Situacións de violencia extrema: agresións severas, abuso sexual, extorsións e roubos. Estas últimas, dado o seu carácter excepcional, e cuxo tratamento excede as competencias da escola como institución, non as trataremos nesta publicación.

No capítulo primeiro desta publicación detallamos a prevalencia destes comportamentos, analizando o grado de estrés que, estes, produción no profesorado.



CAUSAS DA VIOLENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS

Antes de entrar na descrición destas situacións de violencia, imos falar un pouco das posibles causas do incremento da violencia nos centros escolares, en particular, e da sociedade en xeral.

Ningún factor por si só e en exclusiva pode explicar a natureza ou orixe de algo, e menos dun asunto tan complexo como o que estamos tratando. A violencia é o resultado da acción recíproca e complexa de factores individuais, relacionais, sociais, culturais e ambientais.

Aléganse múltiples factores tratando de explicar a realidade da violencia escolar, factores entre os que destacan os concernentes á sociedade en xeral, os relacionados coa educación das familias e os relacionados coa propia escola.

Relacionados coa sociedade en xeral:

- Unha forte exposición dos/as mozos/as á violencia, principalmente a través dos medios de comunicación, películas e outros formatos de difusión; como Internet e videoxogos.
- Tratamento da violencia como algo banal ou trivial, mostrándoa como un xogo ou divertimento sen que haxa conciencia das consecuencias que padecen os que a sofren.
- A xustificación moral da violencia que hai na sociedade.
- A falta de referencias culturais, cívicas e éticas de gran parte da sociedade.
- A perda, en parte da sociedade, de valores como solidariedade e xustiza social. Predominio de valores individualistas.
- A exclusión social de parte da poboación exposta a desigualdades sociais e/ou económicas.
- O aumento do consumo abusivo de alcohol e outras drogas que deterioran a capacidade cognitiva e o xuízo dos consumidores, favorecendo comportamentos agresivos.
- A falta de habilidades sociais en parte da poboación. Esta circunstancia dificulta as relacións normais de convivencia.



Relacionados coa forma de educación das familias:

- Familias nas que as relacións afectivas e de comportamento entre os seus membros están marcadas pola violencia e a agresividade. Os/as mozos/as tenden a repetir o estilo de relación aprendido dende a infancia.
- Familias desestruturadas nas que os/as fillos/as son utilizados como arma contra a anterior parella.
- Pais/nais que non educan coherentemente aos seus fillos/as, ben por falta de tempo ou por falta de formación, creando mozos/as que crecen sen límites no seu comportamento.
- Proxenitores que adoptan unha posición de xustificación e defensa ante calquera tipo de conduta negativa dos seus fillos/as, o que produce un reforzamento moral de ditas condutas.
- Pais/nais que non escoitan nin coñecen as motivacións e preocupacións dos seus fillos/as, que non dedican o tempo necesario nin suficiente ás súas necesidades afectivas.

- Familias que creen que as súas accións e actitudes persoais no inflúen sobre a educación dos seus descendentes. Que non educan coa autoresponsabilidade dos seus actos.
- Pais/nais, que pola causa que sexa, son incapaces de educar a os seus fillos/as en valores. Non é posible modificar condutas sen educar en valores.

Relacionados coa estrutura de la escola

A escola variou moito nos últimos tempos, e quizais non se adaptou coa suficiente velocidade ao novo contexto social. Por iso hai algúns aspectos que dificultan a convivencia e as relacións persoais entre os seus compoñentes.

- Mozos/as con elevado fracaso escolar que non atopan na escola a correcta resposta ás súas necesidades e intereses, expresando este malestar de forma agresiva ou violenta.
- Medidas de atención á diversidade ineficaces, nalgúns casos, ou con falta de recursos humanos e materias suficientes, noutros.
- Falta de integración de parte do alumnado. Existencia de condutas de racismo, falta de tolerancia e prexuízos culturais. Circunstancias que, en moitos casos, dificultan a convivencia.
- Perda de autoridade moral e falta de recoñecemento social da profesión docente.
- Falta de formación suficiente á hora de afrontar esta problemática. Nalgúns casos estilos docentes pouco pedagóxicos.
- Discriminación entre colexios moi ben dotados, e con alumnos brillantes e outros centros con fortes carencias; nos que se concentran alumnos/as con incapacidades ou dificultades extremas de falar a lingua oficial do estado.
- Falta de comunicación entre profesores e alumnos/as.
- Distancia cultural da escola respecto aos intereses actuais e experiencias culturais previas.



DISRUPCIÓN NAS AULAS E SITUACIÓNS DE INDISCIPLINA

A disrupción nas aulas constitúe unha das preocupacións máis directas e unha das principais fontes de malestar do persoal educativo.

Cando falamos de **disrupción** estámonos referindo ás **situacións producidas na aula na que algúns alumnos/as impiden, co seu comportamento, o desenvolvemento normal da clase**. O profesorado necesita empregar cada vez máis tempo e esforzo en controlar a disciplina e o orde.

A maior parte das condutas típicas de disrupción, en si mesmas, non poden considerarse situacións de violencia, pero é relativamente fácil traspasar a fronteira entre situacións de disrupción e situacións de indisciplina máis graves. En moitos casos, ao intentar controlar a disrupción, conséguese o efecto contrario, aumentando a escala do conflito que vai crescendo progresivamente ata xerar situacións de violencia máis graves. Son frecuentes as faltas de educación, contestacións, situacións de boicot pasivo e ata insultos (tipo de violencia verbal), chegando a producir, finalmente, situacións de indisciplina graves.

Estas situacións disruptivas xeran niveis altos de estrés entre os traballadores/as dos centros educativos. O mantemento de niveis altos de estrés durante moito tempo pode evolucionar cara a situacións potencialmente prexudiciais para a saúde como estrés crónico, depresións ou síndrome do queimado.



Consecuencias da disrupción

Este tipo de condutas disruptivas e de indisciplina alteran o desenvolvemento normal das clases e teñen diversas implicacións a curto, medio e longo prazo.

- Xeran un clima de aula inadecuado para o bo desenvolvemento dos procesos de ensino aprendizaxe. Polo tanto inflúen negativamente no aprendizaxe e no rendemento escolar de todos os/as alumnos/as.
- Dificultan a convivencia nos centros escolares.
- Provocan a desmotivación, a perda de enerxía e ilusión nos traballadores/as do ensino.
- Xeran trastornos na saúde dos/as profesionais que traballan nos centros.

Típicos comportamentos disruptivos

Á hora de analizar os típicos comportamentos disruptivos que se producen na aula, debemos ter en conta a dobre dimensión do centro escolar como lugar onde se aprende e como lugar onde se convive, podendo clasificar ditos comportamentos segundo o seguinte criterio:

1. Respecto ás condutas que atentan sobre o proceso de ensino aprendizaxe, podémolas clasificar en:

- *Faltas de rendemento.*
- *Molestar en clase.*
- *Absentismo.*

2. Respecto ás que inciden sobre a convivencia, podémolas subdividir en:

- *Faltas de respecto.*
- *Conflictos de poder.*
- *Situacións de violencia.*

Clasificación realizada a partir do documento: "Convivencia y conflictividad en las aulas. Análisis conceptual". Pedro María Uruñuela Nájera, Catedrático de Bacharelato e inspector de Educación do MEC.

Condutas que atentan sobre o proceso de ensino aprendizaxe

Clasificadas dentro de faltas de rendemento:

- Actitudes pasivas como adormecer en clase.
- Non facer as tarefas sistematicamente.
- Non traer o material: libros, cadernos, bolígrafos.

Clasificadas dentro de molestar en clase:

- Falar e non gardar silencio:
 - Levantarse do sitio sen permiso.
 - Falar continuamente en clase.
- Boicot á acción do profesor:
 - Preguntar insistentemente con ánimo de retrasar o funcionamento da clase.

- Pedir para ir ao aseo continuamente.
- Gardar as cousas antes de tempo sen permiso e intentar saír de clase un pouco antes de que remate a mesma.
- Interromper o traballo con bromas, risas e impertinencias
- Molestar aos compañeiros e non deixarles estudar ou traballar:
 - Mofarse dos compañeiros.
 - Pelexar ou insultar na clase.



Clasificadas dentro do absentismo:

- Chegar tarde a clase.
- Atrasos sen xustificar.
- Faltas de asistencia.

Condutas que atentan sobre o proceso de convivencia

Clasificadas como faltas de respecto ao profesor:

- Ignorar ou non acatar as ordes do profesor.
- Contestar ao profesor de forma reiterada e/ou impertinente
- Dirixirse aos adultos de forma desconsiderada ou en ton de voz irrespectuoso.

Clasificadas como conflitos de poder:

- Enfrontamento do alumno intentando quedar por riba do profesor; desafiando a súa autoridade.
- Incumprimento de sancións ou castigos.
- Incumprir a indumentaria oficial do colexio, se existe, ou vestir de forma estafalaria ou exhibicionista.

Clasificadas como situacións de violencia:

- Violencia física puntual contra os/as compañeiros/as:
 - Empurróns.
 - Zorregadas.

- Violencia verbal:
 - Insultos a compañeiros/as.
 - Insultos ao profesorado.
- Violencia psicolóxica:
 - Menosprezo, burlas desprezos diante da xente, etc.
 - Ameazas.
 - Pequenas extorsións como quitar o bocadillo, etc.
- Violencia de carácter sexual:
 - Tocarlle o cu a un/a compañeiro/a.
 - Levantar a saia á compañeira.
 - Facer comentarios obscenos, etc.
- Violencia contra o mobiliario do colexio:
 - Pequenos estragos no material do colexio.
 - Pintar nos pupitres e paredes, raia a parede, etc.



Nunha análise dos partes que se redactaban nos centros escolares, este mesmo autor, nun estudio que fixo, chegaba ás seguintes conclusións:

- Os comportamentos disruptivos son máis frecuentes nos alumnos que nas alumnas (en proporción tres a un).
- A distribución de partes entre o alumnado é moi desigual, afectando fundamentalmente aos repetidores de curso. Un 25% do alumnado acumula o 63 % dos partes. Podemos dicir que a disrupción está intimamente relacionada co fracaso escolar.
- A disrupción sófrena as profesoras en maior medida que os seus compañeiros.
- Parece ser que dous recreos, entre a 2ª e a 4ª hora reduce o número de conductas disruptivas.
- Depende en gran medida do estilo docente.

Estes comportamentos, vistos de forma esporádica ou illada, poden parecer típicos da conducta de nenos/as e mozos/as, e a simple vista non parecen ser xeradores de moita violencia. A quen non lle contestou un alumno/a de mala maneira?, quen non tivo que reprender aos alumnos por falar na clase? ou quen non chamou a atención a un alumno/a por estragar mobiliario do centro? Os profesores, a parte de ensinar coñecementos, sempre tiveron que educar en valores e modais. Dende pequeno todo neno/a proba "ata onde pode chegar" co adulto que está ao seu cargo; cos mestres na escola e cos seus pais, na casa. O problema da disrupción

aparece cando estes comportamentos pasan a ser o modo habitual, e continuo no tempo, no que moitos alumnos/as se expresan no centro escolar.

É indubidable que existe unha considerable diminución do concepto que a sociedade actual ten da labor docente, unido a unha diminución do respecto e autoridade moral que tradicionalmente se lle tiña ao profesorado. Desta maneira, as medidas habituais que tiña o/a docente para atallar os típicos problemas de disrupción, actualmente, son de case imposible aplicación. En moitos casos xérase un clima de convivencia no que manter certa harmonía, para o desenvolvemento óptimo da aprendizaxe, resulta case unha quimera.

Parece necesario regular os modos e criterios de actuación ante os problemas de convivencia escolar de forma que se facilite unha resposta rápida e se contemplan medidas de prevención e diferentes procedementos de actuación na resolución de conflitos.

Posibles causas do aumento da disrupción

O clima escolar parece que variou nos últimos anos e este cambio pódese deber a aspectos tan variados como:

- Cambios producidos na sociedade, en xeral máis agresiva e violenta.
- Aumento da idade de escolarización obrigatoria dos alumnos/as, orixinando que algúns mozos/as non atopen a correcta resposta ás súas necesidades e intereses, expresando este malestar de forma agresiva ou violenta.
- Aumento da diversidade do alumnado dos nosos centros, producíndose falta de integración do alumnado e/ou condutas de racismo e falta de tolerancia. Circunstancias que, en moitos casos, dificultan a convivencia debido a prexuízos culturais.
- Perda de autoridade moral e falta de recoñecemento social da profesión docente.
- Falta de formación por parte de algúns profesores/as, na forma de afrontar tal problemática.

Segundo Pedro María Uruñuela Nájera, **as condutas disruptivas que atentan sobre o proceso de ensino aprendizaxe prodúcense como consecuencia do rexeitamento do aprendizaxe** escolar por parte do alumnado, poñendo de manifesto a diferenza que existe entre os obxectivos educativos do centro e as metas persoais dos alumnos/as, constatando a incapacidade dos centros para atender a diversidade do alumnado actual. Este desaxuste nos obxectivos do alumnado exprésase ben entorpecendo o transcurso de calquera actividade docente, ben en calquera tipo de conduta de absentismo.

En cambio, segundo o mesmo autor, unha análise máis profundo das **condutas que atentan contra a convivencia deixan de manifesto:**

- A necesidade do alumnado de aprender as normas básicas de educación e convivencia; como comportarse e relacionarse cos demais.

- A falta de desenvolvemento de habilidades sociais e interpersonais dos alumnos/as, que quedan ben visible na súa incapacidade para expresar desconformidade ou queixas, tendendo á violencia emocional como resposta a una situación que non poden controlar.
- A necesidade de interiorizar regras de convivencia asumidas por toda a comunidade escolar. Regras explícitas e inequívocas.
- A falta de formación do profesorado en habilidades sociais que axuden a xestionar máis eficazmente as situacións de conflitos nos centros.

No capítulo seguinte trataranse as medidas preventivas para abordar esta problemática.

VIOLENCIA CONTRA OS/AS TRABALLADORES/AS DOS CENTROS EDUCATIVOS


Os/as traballadores/as do ensino, como consecuencia da súa actividade laboral, están expostos a diversas situacións de violencia, que clasificamos nas seguintes categorías:

- Comportamentos disruptivos.
- Insultos ou acoso verbal
- Intimidación e ameazas.
- Danos ás propiedades persoais.
- Agresións físicas.

A maior parte destas accións violentas son protagonizadas, maioritariamente, por alumnos/as e familiares destes, aínda que tamén se poden producir entre traballadores/as o pola dirección do centro, como analizamos no capítulo primeiro desta publicación.

Ata fai relativamente pouco era infrecuente que os alumnos/as, ou as súas familias, cuestionaran as medidas tomadas polo profesorado tanto nas decisións académicas; cualificación dos exames ou necesidade de repetir curso, como a nivel disciplinario; na aplicación dalgunha acción correctora ou castigo.


En cambio, actualmente é relativamente habitual que algunhas familias, e os propios alumnos, mostren veementemente a súa desconformidade con multitude de decisións tomadas polo profesorado, principalmente as relacionadas coa avaliación dos seus fillos/as, a súa promo-



ción a cursos ou etapas superiores e respecto ás medidas disciplinarias adoptadas en contra do alumno, por poñer algúns exemplos. A xestión deste tipo de situacións, nalgúns casos, desemboca en agresións físicas e/ou verbais por parte de alumnos/as ou familiares de alumnos/as

ACOSO LABORAL, MOBBING OU PRESIÓN LABORAL TENDENCIOSA

A comisión europea define a violencia no traballo coma os "incidentes nos que o persoal sofre abusos, ameazas ou ataques en circunstancias relacionadas co seu traballo, incluídos as viaxes de ida e volta ao traballo, que poñan en perigo, explícita ou implicitamente, a súa seguridade, o seu benestar ou a súa saúde".



É moi empregada a definición de H. Leymann na que se denomina **mobbing** "á situación na que unha persoa ou un grupo de persoas exercen unha violencia psicolóxica extrema, de forma sistemática (a lo menos, unha vez por semana), durante un tempo prolongado (máis de 6 meses), sobre outra persoa no lugar de traballo".

O maxistrado Gimeno Lahoz define o concepto **presión laboral tendenciosa**, como aquela presión exercida no traballo tendente á autoeliminación do traballador, mediante a súa denigración laboral.

Segundo Enrique José Carbonell, no seu libro "o acoso laboral, antes chamado mobbing", na presión laboral tendenciosa existe un deliberado e mantido propósito de forzar ao suxeito elixido a unha posición onde a única saída posible para a vítima sexa o abandono da organización.

Estes autores tamén consideran máis adecuado este concepto polas seguintes razóns:

Estos autores tamén consideran máis adecuado este concepto por las siguientes razones:

- A palabra presión laboral no exclúe, na interpretación etimolóxica da súa definición, as posibles situacións de violencia física no traballo. Evitando, desta maneira, dar pe a algunha dúbida de tipo xurídico. Razón que non pode alegarse con igual claridade en expresións como acoso moral ou acoso psicolóxico, que parece que exclúe da súa definición o compoñente físico.
- Enfoca o problema desde o punto de vista da persoa que exerce un comportamento tendencioso, non sendo necesario un dano psíquico á vítima para ampararlle xudicialmente. Cúlpase o intento de dano, non a consecución do mesmo.

- O adxectivo tendencioso implica unha finalidade ou plan previo para producir un dano no/a traballador/a, excluindo desta definición accións illadas, pero non determina a esixencia de ser necesarios 6 meses continuados de acoso, como fai a definición tradicional de mobbing.

Entre os elementos que caracterizan á presión laboral tendenciosa destaca a intencionalidade nas accións e a conciencia de estar realizándoas, existindo, desta maneira, o deliberado e mantido propósito de forzar ao "acosado/a" a abandonar a organización.

Esta serie de comportamentos supoñen:

- Unha vulneración dos dereitos individuais do individuo.
- Unha mala xestión da organización do traballo.
 - Por favorecer á súa aparición.
 - Por non ofrecer as medidas necesarias para previlo, combatalo, ou reparar as consecuencias do mesmo si finalmente se produce.

Conductas concretas de acoso

Existen distintos criterios de clasificación dos tipos de conductas concretas de acoso, segundo diferentes fontes consultadas. A continuación expoñemos unha combinación da realizada por Zapf, Knorz e Kulla, e a usada por Carbonell e Gimeno.

Relativas á competencia ou capacidade laboral:

- Xulgar o desempeño laboral do traballador/a de maneira ofensiva.
- Deixar sen asignar tarefas ao traballador/a.
- Asignar tarefas sen sentido.
- Asignar, a propósito, tarefas moi por debaixo das capacidades que o traballador/a viña realizando.
- Asignar tarefas degradantes.
- Avaliacións laborais desfiguradas malintencionadamente
- Criticas exacerbadas ao seu traballo.
- Limitación de iniciativas.

Ataques ás relacións sociais da vítima ou relativas ao illamento social laboral:

- Restringir, ou prohibir, aos compañeiros/as a posibilidade de falar con outro traballador/a.


- Rexeitar a comunicación con unha persoa a través de miradas e xestos.
- Non dirixir a palabra a un traballador/a.
- Tratar a unha persoa coma senón existise.
- Restringir as posibilidades de falar ao traballador/a.
- Cambiar a localización dun traballador/a, separándoo dos seus compañeiros/as.

Ataques persoais ou á vida privada da vítima

- Berrar ou insultar á vítima.
- Ameazas verbais.
- Críticas permanentes á vida privada dunha persoa.
- Ameazas telefónicas.
- Calumnias e rumores.
- Mofarse das discapacidades dunha persoa.
- Imitar os xestos, voces... dunha persoa.

Outros:

- Ofertas sexuais, violencia sexual.
- Ameazas de violencia física.
- Uso de violencia menor.
- Maltrato físico.
- Ataques ás actitudes e crenzas políticas, relixiosas ou racistas.



Condutas que no son acoso

É importante non confundir con acoso condutas que, aínda reprochables, inaceptables e ata denunciabes, non poden ser consideradas como tal. Algúns exemplos destas condutas que non están englobadas dentro do concepto de acoso son:

- Agresións illadas entre persoas, tanto físicas, psicolóxicas ou de calquera tipo.
- A vulneración de dereitos laborais como despido improcedente, precariedade laboral, incumprimentos en prevención de riscos laborais, etc.
- Outros problemas ou patoloxías relacionados coa actividade laboral: estrés, síndrome do queimado, depresión, etc.
- Outro tipo de acoso ou abuso realizado por persoas do entorno laboral como: furtos, extorsións, abuso sexual.

Fases no desenvolvemento do acoso

Estudios realizados mostran patróns característicos do desenvolvemento e evolución do proceso de acoso e que podemos xeneralizar nos seguintes apartados:

1. **Desacreditar a capacidade laboral da vítima. Críticas abertas,** valoración negativa do seu rendemento, etc., coa mensaxe fundamental de resaltar que a vítima xa non ten capacidade para realizar o seu traballo.
2. **Limitación das canles de comunicación.** Non informar axeitada ou suficientemente á vítima sobre aspectos cruciais no seu traballo, propiciando que cometa erros que prexudican a súa imaxe profesional.
3. **Limitar o seu contacto social.** Lógrase que o resto do círculo de iguais rexeite á vítima.
4. **Desprestixio da persoa na súa totalidade.** Lánzanse rumores sobre falsas conductas da vítima, comentarios sobre o seu aspecto físico, etc.
5. **Comprometer a saúde física ou psíquica da vítima.** Exposición a riscos laborais sen a seguridade necesaria, presións psicolóxicas extremas, etc.



O acoso laboral como dinámica

En moitos casos a presión laboral tendenciosa transcende da mera relación agresor - vítima, transformándose nunha dinámica laboral complexa na que participan moitos compoñentes da empresa.

No inicio do proceso pódese observar o que algúns autores, como Enrique José Carbonell e Col, denominaron **círculo da agresión**, debuxado en liña continua na figura 1, no que se pode observar a un ou varios acosadores que inician o proceso de presión laboral sobre a vítima, sinalándoa como incompetente, e iniciando desta maneira a fase de descrédito da súa capacidade laboral.

Fora deste círculo de agresión, e representado cunha liña descontinua, podemos observar o que estes autores denominaron **círculo de apoio dos iguais**, que mostran axuda á vítima no contorno laboral.

Xeralmente as vítimas de acoso no adoitan atopar compañeiros que lles apoiem incondicionalmente e loiten con eles/as para revertir unha situación inxusta. Na maioría dos casos, o entorno de iguais soe evolucionar:

- Uníndose ao acosador; ben por fidelidade ou por crer na incompetencia da vítima.

- Inhibíndose do proceso; tomando certa distancia, nin dando nin quitando a razón á vítima.
- Non actuando por medo a represalias da empresa.

Ao finalizar este proceso, o círculo de apoio de iguais vai desaparecendo, á vez que o círculo de agresión aumenta, quedando a vítima en absoluta indefensión, segundo se pode observar na figura 2. Neste momento a vítima xa non ten apoios dentro da empresa e necesita axuda externa: familia, amigos, para encontrar apoio afectivo, e especialistas como avogados, sindicatos, etc., na súa loita xurídica.

Figura 1





Figura 2



Consecuencias do acoso laboral

As consecuencias do acoso laboral poden ser de distinta natureza e afectan a varios ámbitos:

- Ao traballador/a afectado.
- Á organización de traballo.
- Ao núcleo familiar e social.

1. Consecuencias sobre o traballador/a afectado

A nivel psíquico:


- Ansiedade, presenza dun medo acentuado e continuo, sentimento de ameaza.
- Sentimentos de fracaso, impotencia e frustración.
- Baia autoestima ou apatía.
- Problemas á hora de concentrarse e dirixir a atención. Os diagnósticos médicos compatibles son síndrome de estrés postraumático e síndrome de ansiedade xeneralizada.
- Este tipo de problema pode dar lugar ao desenvolvemento de comportamentos como drogodependencias e outros tipos de adiccións.
- A excesiva duración ou magnitude da situación de mobbing pode dar lugar a comportamentos autodestrutivos e suicidas.

A nivel físico:

- Podemos atoparnos con diversas manifestacións de patoloxía psicosomática: como dores e trastornos funcionais ata trastornos orgánicos graves.

A nivel social:

- Xeración de actitudes de desconfianza e condutas de illamento, evitación ou retraemento.
- Xeración de actitudes de agresividade ou hostilidade e outras manifestacións de inadaptación social. Son comúns sentimentos de ira, rancor ou desexos de vinganza contra o/os agresor/es.



2. Consecuencias sobre a organización de traballo

Sobre o rendemento:

- Diminución da cantidade e calidade do traballo desenvolvido pola persoa afectada.
- Entorpecemento ou imposibilidade del traballo en grupo.

- Aumento do absentismo, xustificado ou non, da persoa afectada.

Dende o punto de vista laboral teremos individuos desmotivados e insatisfeitos que non poderán render axeitadamente ao asociar o traballo con sufrimento e dor.

Sobre el clima social:

- Veranse afectados distintos conceptos sociais como a cohesión, a colaboración, a cooperación e a calidade das relacións interpersonais.

Sobre la accidentabilidad:

- Algúns estudos relacionan a calidade do clima laboral co aumento dos accidentes de traballo.

3. Consecuencias sobre o núcleo familiar e social

A contorna social do afectado padecerá as consecuencias de ter unha persoa amargada, desmotivada, sen expectativas nin ganas de traballar, e que posiblemente padecerá algún tipo de trastorno psíquico.

ACOSO ENTRE IGUAIS. ACOSO ESCOLAR. BULLYING

Definición

É unha forma de maltrato físico, psicolóxico e/ou social que se produce entre alumnos/as de forma deliberada e continuada no tempo, coa intención manifesta de humillar e someter abusivamente a unha vítima, comportándose con ela de forma cruel. Pódese chegar a producir resultados de victimización psicolóxica e rexeitamento do grupo cara a vítima.

Ás veces, interpretase como bullying situacións de conflito ou pelexas puntuais. Estas, aínda que reprobables, non son situacións de bullying, pois para que sexan consideradas como tal debe existir un compoñente de reiteración no tempo, así como a intención premeditada de producir dano. Da mesma maneira hai que distinguir o maltrato ou bullying de condutas antisociais ou criminais, coma agresións con armas punzantes ou agresións sexuais, feitos que, de producirse, deben ser inmediatamente denunciados á policía.



O bullying repercute negativamente non só sobre o alumnado, suxeito directo de tales agresións. De maneira indirecta pode xerar situacións potencialmente estresantes no persoal dos centros, principalmente á hora de xestionar correctamente este tipo de problemas. Os traballadores/as poden sentirse oprimidos/as polos pais das vítimas, que moitas veces denuncian abandono nas obrigas dos profesionais dos centros, mentres que outras veces son os pais dos agresores os que denuncian un "complot" en contra dos seus fillos/as. En definitiva, é unha situación complexa que demanda que os traballadores/as dos centros educativos estean preparados para afrontar este tipo de situacións.

Formas de acoso

Existen diferentes tipos de accións de acoso ou maltrato características deste tipo de violencia escolar:

- **Verbal:** insultos, alcumes e menosprezos en público para poñer en evidencia ao débil.
- **Físico:** empurróns, puñada, patadas, cuspiñazo.
- **Económico:** roubos de pequenas cantidades de cartos, material escolar, comida, etc.
- **Psicológico:** feitos encamiñados a baixar a autoestima do individuo facéndolle aumentar a súa inseguridade e a súa ansiedade.
 - Humillar, ridiculizar, imitar, etc.
 - Provocar, ameazar.
 - Gastar bromas pesadas.
- **Social:** illar do grupo ao compañeiro/a creando nel a sensación de marxinación e de soidade.

É normal que se dean varios tipos de maltrato á vez aínda que se detectou que os agresores homes tenden ao maltrato físico e verbal, mentres que as maltratadoras femininas tenden a un tipo de bullying máis psicológico e de exclusión social.

Co desenvolvemento das novas tecnoloxías é frecuente a gravación deste tipo de accións vexatorias a través de teléfonos móbiles ou cámaras para, posteriormente, ser difundidas a través de diversos medios de comunicación como SMS ou Internet. Con esta práctica os agresores/as fachendea e presumen das súas accións ao tempo que manteñen a humillación pública das súas vítimas.

Intervinentes no proceso de bullying

No acoso entre iguais interveñen diferentes participantes que xogan distintos papeis:

- Agresor/es.
- Víctima/s.
- Compañeiros/as espectadores.
- Adultos.

Perfil do agresor/a

A personalidade do agresor/a soe ser a dun alumno/a conflictivo/a, agresivo/a e con carencias afectivas a nivel familiar.

A continuación expoñemos unha serie de características representativas do perfil do acosador/a típico:

(Información obtida do libro "La Convivencia en los Centros Educativos". Elaborado polo Departamento de Educación, Cultura e Deporte do Goberno de Aragón.).

Características físicas

- Maioritariamente mozos, tendentes á agresión física e insulto. As agresións das mozas van en aumento, predominando un tipo de acoso psicolóxico e de exclusión social.
- Xeralmente con maior fortaleza física, mozos con maior grado de desenvolvemento físico.

Perfil psicolóxico

- Comportamento agresivo e propenso á falta de respecto.
- Necesidade de dominar e de exercer poder sobre outros.
- Impulsivo e impaciente. Ausencia de control dos seus sentimentos de enfado.
- Exceso de confianza en si mesmo e baixa autoestima.
- Dificultade para relacionarse, interpreta como ataques calquera conducta insignificante como miradas, sorrisos ou xestos.
- Insensible ante o sufrimento dos demais.
- Gran facilidade para exculparse, falta de sentimentos de culpa, minimiza as consecuencias dos seus actos.

Conducta social

- Moi agresivo nas súas relacións.
- Anóxase senón se cumpren os seus desexos.
- Insulta, humilla e ridiculiza en público.
- Rompe e esconde materiais.
- Incapacidade para sentir empatía coas vítimas.

PERFIL DA VÍCTIMA

A personalidade do agredido/a é máis difícil de precisar pero hai algúns perfíles persoais con maior risco de sufrir acoso:

- Neno/a débil fisicamente, inseguro e con baixos niveis de autoestima.
- Persoas con algunha diferenza física ou psicolóxica destacable: como estar nun programa especial de aprendizaxe, ter un nariz grande, ser baixiño/a ou gordiño/a.
- Minorías, de calquera índole, cuxas características diferenciais xeran animadversión no grupo maioritario.



A continuación recollese un resumo dos trazos físicos, psicolóxicos e sociais, que a maioría dos profesionais especializados no acoso entre iguais observou con máis frecuencia nas vítimas.

(Información obtida do libro "La Convivencia en los Centros Educativos". Elaborado polo Departamento de Educación, Cultura e Deporte do Goberno de Aragón.)

Características físicas

- Sófreno, por igual, rapazas que rapaces.
- Aspecto físico de debilidade.
- Posuír trazos físicos, sociais ou culturais diferenciados.
- Presentan un aspecto contrariado, triste e aflixido.

Perfil psicolóxico

- Debilidade psicolóxica.
- Alta ansiedade e inseguridade.

- Comportamento temeroso.
- Baixa autoestima.
- Ser excesivamente tímido e calado.
- Carencia de habilidades sociais.
- Persoas que non responden ás agresións.
- Con sentimentos de incapacidade para defenderse.
- Con dificultades para pedir axuda.
- Persoas con medo a contar o que lles pasa.
- Disimulan e ocultan os seus sufrimentos.



Conducta social

- Persoas pouco sociables que realizan actividades individuais e solitarias.
- Persoas que adoitan estar solas e illadas.
- Buscan a proximidade dos adultos.
- Non saen de casa sós e cambian a ruta para ir ao centro.
- Adóitanlles faltar materiais do colexio con frecuencia; subtráenllos.
- Falta de habilidades sociais para interactuar.
- Considerado débil polos seus compañeiros/as.
- Estilo de relación inhibido, submiso e pasivo.
- Evita o contacto con determinados compañeiros.
- Dependente e apegado ao fogar.
- Cambios de humor repentinos, irritabilidade e explosións de anoxo.

Compañeiros espectadores

Na maioría dos casos, por no dicir en todos, os compañeiros/as de clase son conscientes das situacións de bullying que sofren as vítimas. Un compoñente característico deste fenómeno é que o acoso e a humillación realízanse para "escarnio público".

Os compañeiros/as dos acosados/as adoitan comportarse segundo diversos patróns tipo:

1. Os/as que rin e ata participan de forma aberta nas situacións de acoso.
2. Os/as que actúan de forma pasiva ante o conflito, nin apoiando nin axudando á vítima.
3. Os/as que apoian á vítima e, ata, se enfrontan a os seus agresores.

Estes tres tipos de comportamento corresponden, de forma xeral, aos tres patróns básicos de conduta que teñen as persoas ante a resolución de conflitos: estilo agresivo, pasivo e asertivo.

Indicios dun posible bullying

Dentro da dificultade de definir un patrón uniforme que defina os síntomas de estar sufrindo bullying, hai toda una serie de signos e comportamentos que poden ser indicadores dun posible maltrato:

- Problemas para conciliar o sono, pesadelos.
- Diminución repentina do rendemento académico.
- Comportamento estraño ao que adoita ser habitual: inusualmente tranquilo ou inusualmente nervioso.
- Parecer estraño ou fuxidío.
- Temor a saír de casa ou a ir ao colexio.
- Finxir enfermidades ou doenzas para non saír de casa.
- Padecer, frecuentemente, cortes ou rabuñaduras corporais o rabuñadas nas súas roupas.
- Perda frecuente de material do colexio: libros, bolígrafos, cadernos, etc. Feitos que poden ser explicados porque está sendo roubado por algún "abusón".

A manifestación dalgunha destas condutas non sempre é debida a situacións de maltrato. É necesario falar cos nosos fillos/as para tratar de coñecer que lles está sucedendo.



Indicios que nos poden levar a pensar que un mozo é un posible maltratador

- Se mostra conductas excesivamente violentas cara aos seus amigos, curmáns, etc.
- Se ten obxectos diversos que non son seus e de procedencia difícil de explicar.
- Se a miúdo conta mentiras para xustificar a súa conduta.
- Se frecuentemente outros pais ou alumnos/as queixanse de que agride a outros compañeiros/as.
- Se percibimos que algúns compañeiros/as rexeitan a presenza deste alumno/a.

Dónde ocorre el bullying

Adoita ocorrer en zonas libres de persoas adultas, producíndose nos lavabos, no cambio de clases, no recreo ou a saída do colexio.

Papel da escola

Os profesores, e o persoal non docente dos centros educativos, ao pasar moito tempo en contacto co alumnado poden detectar situacións reais ou indicios de bullying.

É importante detectar o bullying nas primeiras etapas da súa aparición. Desta maneira evitaremos que o problema se faga excesivamente grave e poderemos tomar as medidas necesarias para emendalo antes de que sexa un feito consumado irreversible.

Para lograr esto é necesario implantar un protocolo de actuación, establecendo unha secuencia de pasos lóxicos e eficaces para o tratamento do problema. Con esta actuación lograremos dous obxectivos fundamentais: axudar e dar resposta ás necesidades dos alumnos/as agredidos/as, e evitar demandas xudiciais por negligencia do colectivo docente nas súas funcións de coidado sobre o alumnado. Circunstancia que lamentablemente sucede con cada vez máis frecuencia.

Algunhas CCAA desenvolveron protocolos de actuación específicos para casos de acoso escolar, e que son de obrigado cumprimento para os centros escolares do seu territorio. Para as CCAA que aínda non os teñan desenvolvidos, no capítulo 4 axuntamos un a modo de exemplo.



3


■ Efectos dos riscos psicosociais sobre a saúde do profesorado



EFFECTOS DOS RISCOS PSICOSOCIAIS SOBRE A SAÚDE DO PROFESORADO

Todas as situacións de violencia nas aulas, enumeradas no capítulo anterior, sumadas ao resto de factores de orixe psicosocial que existen nos centros de traballo, aumentan a probabilidade de que ocorran unha serie de efectos na saúde dos traballadores/as. Efectos que van dende a insatisfacción laboral, desmotivación, perda de enerxía e ilusión pola profesión, ao desenvolvemento dos seguintes trastornos para a saúde:

- Estrés
- Fatiga mental.
- Síndrome do queimado ou Burnout



ESTRÉS

O estrés é unha resposta do organismo ante unha situación de perigo. É a reacción do organismo ante un estímulo que lle agride emocional e/ou fisicamente.

A resposta é a mesma tanto se o perigo é real coma se non o é, pero é percibido como tal. Xeralmente provoca estrés, ansiedade e distintas reaccións fisiolóxicas cuxo efecto continuado no tempo pode xerar diversas doenzas e enfermidades de diferente consideración. É un tipo de resposta fisiolóxica, psicolóxica e de comportamento, de un suxeito que busca adaptarse a presións tanto internas como externas. Sendo unha resposta de carácter fisiolóxico ante situacións de perigo, típica de animais superiores entre os que se atopa o home como especie, merece especial consideración cando a fonte que xera dita situación de perigo é a contorna laboral.

DEFINICIÓN FISIOLÓXICA

A súa orixe etimolóxica deriva da palabra grega stringere, que significa provocar estrés. Foi acuñada polo endocrinólogo Dr. Selye (1907 – 1982) definíndoa como "a resposta corporal non específica ante calquera demanda externa que se lle faga ao organismo", principalmente se esta demanda excede a capacidade de resposta.

Esta resposta é parte normal da preparación do organismo cando se atopa nunha situación de perigo. Está asociada, entre outros aspectos á liberación da hormona adrenalina, e prepara ao organismo para a loita ou a fuxida. Desta forma participan case

Todos os órganos e funcións do corpo: os músculos actívanse, aumentan as frecuencias cardíaca e respiratoria aumentando, así, o volume de sangue que é bombeado, favorecendo a chegada de osíxeno ás células e mellorando, desta forma, a cantidade de enerxía dispoñible para poder afrontar, con maior éxito, esta situación de perigo. Para iso o sangue é dirixido a áreas prioritarias, como son o corazón, pulmóns, riles, figado, músculos grandes e o cerebro, diminuindo polo contrario, o aporte sanguíneo a zonas non prioritarias como a circulación periférica ou a función dixestiva.

Calquera estímulo percibido como perigoso pode supoñer un factor de desequilibrio que trastorne a estabilidade do noso medio interno, respondendo o organismo para controlar este cambio de situación.

Esta activación non ten en si mesma un carácter negativo. O suxeito responde inespecificamente ante calquera presión, sen ter en conta a natureza do estímulo. Produce unha reacción orgánica e psicolóxica común ante calquera estímulo, á que denominaremos "resposta non específica".

O problema prodúcese cando un organismo se enfrenta de maneira continua e continuada, no tempo, con situacións de estrés.

Ao afrontar ao organismo a situacións de estrés, pódese observar a seguinte evolución temporal, denominada Síndrome Xeral de Adaptación (Selye) e que consta de tres fases:

1. Fase de reacción de alarma: ante un estímulo tenso, nun primeiro momento, prodúcese unha reacción automática encamiñada a preparar o organismo para a acción, para a resposta, cos mecanismos fisiolóxicos descritos anteriormente (aumento da frecuencia cardíaca, frecuencia respiratoria, etc.) Cando o estímulo é intenso ou se prolonga no tempo aparece a fase de resistencia.
2. Fase de resistencia: é aquí onde o organismo pon en xogo todas as súas capacidades para facer fronte ao estresor, tratando de resistir ao seu efecto ou tratando de adaptarse para manter o equilibrio interno. Se se logra o equilibrio desexado ante a exposición do axente estresante, o organismo volve á normalidade. En cambio se o organismo non logra superar os efectos de dita estrés continuada ou da intensidade da mesma, aparece a terceira fase.
3. Fase de esgotamento: Prodúcese a derrota de todas as estratexias adaptativas para afrontar dito estímulo negativo, producíndose unha progresiva extenuación do organismo, que pode levar a enfermidade.



A calquera tipo de estímulo capaz de xerar unha percepción de perigo no organismo denomínaselle estresor ou factor estresante

XERACIÓN DE ESTRÉS NO ÁMBITO LABORAL

Máis alá da súa acepción fisiolóxica, que xa describimos en profundidade no apartado anterior, debemos ter en consideración a xeración de estrés no ámbito laboral. Podendo definir esta como “o conxunto de reaccións – emocionais, cognitivas, fisiolóxicas e de comportamento – que se dá nun traballador exposto, de forma prolongada, a unha presión intensa debido ás cargas que lle crea a súa contorna de traballo”

Segundo a Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo, “cerca dun tercio dos traballadores europeos – máis de 40 millóns de persoas – afirman sentirse estresados no seu traballo, calculándose que a estrés é responsable de máis do 50% das xornadas laborais perdidas na Unión Europea”

A súa elevada incidencia, recollida en numerosos estudos e publicacións, está intrinsecamente relacionada co modo de organización do traballo nas nosas empresas. Na forma en que dentro da empresa se xestionan aspectos tales como: horarios de traballo, falta de conciliación da vida familiar, carga de traballo, estilos agresivos de mando, falta de autonomía no traballo, ou situacións de violencia nas aulas.

Demostrouse que existen certas diferenzas persoais á hora de afrontar situacións potenciais de estrés. Existindo unha serie de características na personalidade dos individuos que aumentan, ou diminúen, a vulnerabilidade deses suxeitos ante unha mesma agresión ou perigo.

O recoñecemento de que hai persoas que son capaces de afrontar con maior éxito situacións potencialmente estresantes non pode servir de escusa, como se fai desde determinados sectores empresariais, para culpar ás que non foron capaces de afrontalas con tanta efectividade. Pois o correcto, tanto desde

o punto de vista preventivo como desde o punto de vista ético, diría eu, está en garantir unhas condicións laborais que non xeren situacións potencialmente prexudiciais á maioría dos traballadores/as, aínda que haxa algúns que sexan capaces de traballar baixo condicións laborais máis esixentes.

É un dereito inalienable de todo traballador/a poder realizar o seu traballo en condicións que non prexudiquen a súa saúde. Dereito recollido en múltiples disposicións legais empezando pola Constitución Española, dentro dos dereitos fundamentais de todos os cidadáns, e terminando na Lei de Prevención de Riscos Laborais, como corpo básico de garantías e responsabilidades para establecer un adecuado nivel de protección na saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo.



Desta maneira é obriga do empresario, no caso de centros privados ou concertados, ou da Administración que ostente as competencias educativas, para o caso de centros de titularidade pública, adoptar as medidas que sexan necesarias para garantir que os traballadores/as realicen a súa actividade laboral sen risco para devandita saúde.

SIGNOS E SÍNTOMAS

O estrés afecta órganos e funcións de todo o organismo. Os síntomas máis comúns son:


Os síntomas del estrés son moitos e resulta difícil facer un diagnóstico diferencial con total exactitude, pois estes mesmos síntomas poden ser comúns a outras patoloxías.

Ademais pode existir certa variación individual á hora de expresar somatoloxicamente estas situacións de estrés.

Non obstante síntomas comúns en persoas que padecen estrés son:

Relacionados co comportamento:

- Ansiedade, irritabilidade, medo, fluctuación do ánimo, confusión ou turbación.
- Pensamentos excesivamente autocríticos.
- Dificultade para concentrarse e tomar decisións, pensamentos repetitivos, excesivo temor ao fracaso.



Relacionados coa conduta:

- Tartamudez ou outras dificultades da fala, reaccións impulsivas, risa nerviosa, trato brusco a os demais.
- Apertar as mandíbulas.
- Aumento do consumo de tabaco, alcol e outras drogas.
- Diminución do apetito.
- Insomnio.

Síntomas físicos e fisiolóxicos:

- Contracción muscular.
- Dor de cabeza.
- Rixidez en lombo e pescozo.
- Malas dixestións, Úlceras gástricas.
- Aumento de gripes e infeccións.
- Palpitacións, tremores, ou boca reseca.
- Erupcións e outras afeccións da pel.
- Disfuncións sexuais.

EFECTOS DO ESTRÉS CRÓNICO SOBRE A SAÚDE

Numerosos estudos científicos en animais avalan a incidencia negativa do estrés crónico sobre diversos órganos e funcións fisiolóxicas diversas. Moitas das patoloxías detectadas como consecuencia da exposición continuada ao estrés supoñen un elevado risco vital para a funcionalidade do órgano, a actividade fisiolóxica afectada e incluso para a vida do organismo estudado.

O problema ao que nos enfrontamos é que aínda non hai estudos concluíntes realizados en humanos que certifiquen, con validez científica necesaria, que estes datos son extrapolables con seguridade á especie humana. Parte da comunidade científica manifesta o convencemento de que estas enfermidades e patoloxías observadas en estudos de laboratorio serán referendadas, nun futuro non moi afastado, cando o estrés crónico en humanos sexa mellor estudado.

MEDIDAS PREVENTIVAS

O estrés, pódese e débese afrontar dende distintas perspectivas:

- a **Desde a organización do traballo:** Moitos dos riscos de padecer estrés, e outros riscos de orixe psicosocial, proveñen duna mala organización do traballo. É obriga –segundo indica a LPRL– do empresario, ou da Administración respecto ao persoal ao seu servizo, tomar as medidas preventivas axeitadas para evitalos. Entre as que se atopan modificar aquelas situacións da organización do traballo que xeran estrés.
- b **Medidas individuais.** Independentemente do tipo de medidas de carácter organizativo a tomar, é bo coñecer algunhas estratexias preventivas, de carácter persoal, que axudan a prever os efectos nocivos destes factores psicosociais.



A. MEDIDAS PREVENTIVAS DESDE A ORGANIZACIÓN NO TRABALLO

- Realizar avaliacións de riscos psicosociais nos postos de traballo.
- Reducir ou aumentar, segundo o caso, a carga de traballo, axustándoa ás capacidades da persoa.
- Reorganizar o tempo de traballo, tipo de xornada, duración da mesma, flexibilidade laboral, conciliación da vida laboral, etc.
- Facilitar a auto- distribución dalgunhas breves pausas durante cada xornada de traballo.

- Facilitar e orientar a atención necesaria para desempeñar o traballo, deseñando postos de traballo nos que a carga mental, ou esforzo de atención e de memoria, chegue ata niveis que sexan manexables.
- Favorecer a variedade de tarefas, evitando no posible tarefas monótonas e repetitivas.
- Garantir a adquisición da información e formación necesaria para realizar a tarefa, de forma eficaz e segura.
- Definir de forma clara e específica, cales son as obrigas e responsabilidades de cada posto de traballo.
- Adecuar as condicións ambientais do lugar de traballo: espazos, iluminación, ambiente sonoro, etc.
- Actualizar os útiles e equipos de traballo (manuais de axuda, listas de verificación, rexistros e formularios, procedementos de traballo, etc.) seguindo os principios de seguridade, claridade, sinxeleza e utilidade real.
- Garantir a participación dos traballadores/as a través das canles legais que especifica a lei.
- Promocionar programas de axuda e atención especializada sobre estes factores psicosociais.

B. MEDIDAS PREVENTIVAS DE CARÁCTER INDIVIDUAL

Na túa vida normal:

- Durme as horas suficientes que o teu corpo necesite.
- Segue unha Dieta Mediterránea: aceite de oliva, cereais, peixe, ave, verduras, legumes e froitas. Evita comidas copiosas con exceso de azucre refinada, graxas, frituras ou ovos.
- Reduce, se es consumidor esaxerado, as cantidades de sal, café, tabaco e alcol.
- Realiza exercicio físico moderado de forma regular. Beneficia ao sistema cardiovascular e axuda a queimar calorías. Relaxa e elimina tensións.
- Utiliza técnicas de relaxación: ioga, meditación, técnicas de respiración.
- Planifica actividades de ocio: Ler, ir ao cine, deporte, escoitar música...
- Adica tempo á familia e amizades.



No traballo:

- Trata de ver os problemas que xorden como desafíos, e non como situacións ameazadoras.
- Aprende a medir as túas capacidades, evita "espremerme" ata o esgotamento. Se realista e fixa obxectivos realistas que poidas acadar.
- Cando una tarefa non avanza, cambia de tarefa o fai unha pausa.
- Acostuma a expresar os teus puntos de vista de maneira asertiva: de forma sincera honesta pero sen perder as formas. Tamén debes admitir a crítica cara ao teu traballo, respectando outros puntos de vista.
- A desculpa, a comprensión e a tolerancia resultan a mellor opción para resolver algúns conflitos.
- Se estás estresado, non dubides en pedir axuda. É máis fácil actuar nas primeiras fases de aparición dun problema.

FATIGA MENTAL

Cando a carga de traballo é excesiva, aparece a fatiga mental. Defínese a fatiga mental como a diminución da eficiencia funcional mental e física.

A diminución da eficiencia funcional manifestase, por exemplo, mediante:

- Una impresión sensorial de esgotamento.
- Unha peor relación esforzo/resultado, a través da natureza e frecuencia dos erros, etc.

O alcance destas alteracións está en parte determinado polas condicións da persoa.

CARGA MENTAL

O traballo leva sempre esixencias físicas e mentais en determinada proporción. Non existe traballo exclusivamente físico ou exclusivamente mental. Así diferenciamos traballo físico de traballo mental segundo o tipo de actividade que predomine.

Se o traballo é predominantemente muscular falase de "carga física", se, polo contrario, implica un maior esforzo intelectual falaremos de "carga mental".

A carga de traballo mental é un concepto que se utiliza para referirse ao conxunto de tensións inducidas nunha persoa polas esixencias do traballo mental que realiza.

A carga de traballo mental é a relación entre as esixencias do traballo e os recursos mentais de que dispón unha persoa para facer fronte a tales esixencias.



FACTORES QUE CONTRIBÚEN A AUMENTAR A CARGA MENTAL

a) Dependentes da esixencia da tarefa.

- Atención sostenida.
- Forma de tratar la información: número y cantidad de señales que se han de detectar, número y trascendencia de las decisiones a tomar, etc.
- Grado de responsabilidad.
- Duración y perfil temporal de la actividad: horarios de trabajo, pausas, trabajo a turnos, etc.
- Contenido propio de la tarea.
- Peligro de la tarea: alumnos conflictivos, posibilidad de robos, etc.

b) Circunstancias de traballo (físicas, sociais e de organización).

Físicas:

- Iluminación.
- Condicións climáticas.
- Nivel de ruído.
- Clima atmosférico, no caso de traballo no exterior.
- Olores.

Sociais e de organización:

- Tipo de organización: estrutura de control e comunicación.
- Clima/Ambiente da organización: aceptación persoal; relacións entre as persoas, etc.
- Factores de grupo: estrutura de grupo, cohesión, etc.
 - Estilo de dirección.
 - Conflictos no seo dun grupo, entre grupos ou entre persoas.
 - Contactos sociais: traballo illado, relacións con clientes, etc.

Circunstancias procedentes del exterior de la organización:

- Exigencias sociais: responsabilidad en relación con la salud y el bienestar públicos.
- Normas culturales sobre las condiciones de trabajo, los valores, las normas socialmente aceptables.

C) Características individuais que inflúen na capacidade de sufrir a carga mental.

- Nivel de aspiración, autoconfianza, motivación, actitude e estilo de
- reacción de los individuos.
- Capacidades, cualificación/capacitación, coñecementos, e experiencia das persoas.
- Idade.
- Estado xeral, saúde e constitución física.

MEDIDAS PREVENTIVAS

A carga mental de traballo inadecuada, xa sexa por exceso ou por defecto, pode ter diversas consecuencias negativas: tensión, fatiga, sentimentos de monotonía, estrés, etc.

Para prever estas consecuencias negativas débense adoptar medidas:

- Organizativas. Obriga a empresarios e Administración. A aplicación adecuada destas medidas organizativas reducen, en gran medida, os efectos negativos da carga de traballo.
- De carácter persoal. Encamiñadas a adquirir máis formación, máis destrezas, mellores estratexias de traballo, etc.

MEDIDAS XERAL

- Facilitar a formación necesaria para desempeñar, de forma axeitada, o traballo.
- Reducir ou aumentar, para axustala ás capacidades da persoa, a carga de traballo.
- Proporcionar as axudas pertinentes para que a carga de atención e de memoria chegue a niveis que sexan manexables.
- Reorganizar o tempo de traballo para lograr niveis de certo autocontrol da actividade.
- Redesenñar o lugar de traballo: adecuando espazos, iluminación, ambiente sonoro, etc.
- Reformular o contido do posto de traballo, favorecendo o movemento mental.
- Actualizar os útiles e equipos de traballo (manuais de axuda, listas de verificación, rexistros e formularios, procedementos de traballo, etc.) seguindo os principios de claridade, sinxeleza e utilidade real.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA DOCENTES

É primordial, a fin de evitar unha carga mental excesiva, un reparto axeitado da carga docente. Estas medidas son fundamentalmente organizativas e deben ser deseñadas e organizadas desde a dirección da empresa. Entre as medidas para repartir a carga docente dunha maneira axeitada destacamos:

Alternar materias, ou cursos, que dediquen un elevado esforzo intelectual con outras que requiran esforzos menores. Por exemplo supón un esforzo mental menor alternar un 2º da ESO cun curso de bacharelato, que dar toda a mañá cursos da ESO, xeralmente máis rebuldeiros.

Intentar programar para primeiras horas da mañá as materias que supoñan un maior esforzo intelectual aos alumnos, xa que segundo avanza a xornada lectiva estes comezan a estar máis cansos e comezan a comportarse peor, o que repercute no aumento da carga mental e física de traballo.

Colocar as horas non lectivas de libre disposición de maneira que supoñan unha pausa na xornada que sirva para relaxarse e descansar do esforzo mental.

Un ambiente físico escolar adecuado, libre de ruidos, con boa luminosidade, temperatura, etc., inflúe moi positivamente sobre a carga de traballo, e viceversa.

Unha boa relación laboral entre compañeiros, dirección, padres e alumnado, mellora as relacións sociais e de convivencia o que repercute notablemente na carga mental de traballo. De maneira contraria un mal ambiente de traballo aumenta a carga mental e o estrés.

Por iso é recomendable favorecer actividades e estratexias encamiñadas a mellorar estas relacións interpersonais.

En relación ao apartado anterior e en orden de mellorar as relacións sociais e a convivencia, é recomendable tratar temas alternativos aos propios do centro escolar, para tratar de "desconectar" dos problemas propios do centro e atopando temas e vínculos doutra clase cos compañeiros/as.

É conveniente facilitar mecanismos de comunicación e transmisión de experiencias entre compañeiros. Facendo especial fincapé no persoal máis novo e de recente incorporación, xa que a súa inexperiencia xoga na súa contra, sendo sufridores de maior carga mental que os seus compañeiros máis veteranos.



En moitos centros escolares o profesor está suxeito a situacións de conflito de rol. Prodúcese cando hai demandas, esixencias no traballo que son entre si incongruentes, incompatibles ou contradictorias para realizar con éxito dito traballo. Isto dáse no ámbito do ensino cando se demanda ao profesor que eduque e manteña unha disciplina adecuada na aula, pero non se lle proporcionan ferramentas para conseguilo. En moitos casos o profesor sofre presións por parte de pais, principalmente, e do equipo directivo, en centros privados e concertados, á hora de enfrontarse a situacións de conflictividade na aula.

Para evitar esta situación é recomendable que se marquen directrices e se elaboren estratexias de manexo de situacións conflitivas. Directrices e estratexias tendentes a reforzar o traballo dos docentes e non docentes. É conveniente que queden recollidas no proxecto educativo do centro e sexan asumidas por toda a comunidade educativa.

SÍNDROME DO QUEMADO (BURNOUT)

DEFINICIÓN

É unha patoloxía derivada da interacción do individuo cunhas determinadas condicións psicosociais do traballo. Maslach defíneo como “un síndrome de esgotamento emocional, despersonalización e baixa realización persoal, que pode ocorrer entre individuos que traballan con persoas.”

SÍNTOMAS

Para caracterizar un Burnout, débense producir os seguintes sentimentos ou síntomas:

1. Esgotamento emocional: Senten que xa non poden dar máis de si mesmos a nivel afectivo.
2. Despersonalización: Desenvolvemento de sentimentos negativos, de actitudes e condutas de cinismo por parte do traballador/a cara ás persoas obxecto do traballo. Prodúcese un endurecemento afectivo e as súas condutas son vistas polos usuarios de maneira deshumanizada.
3. Baixa realización persoal no traballo: os traballadores/as séntense descontentos consigo mesmos e insatisfeitos cos seus resultados laborais.



POSIBLES EFECTOS DEL BURNOUT

- **Psicosomáticos:**
 - Cansazo ata o esgotamento e malestar xeral.
 - Fatiga crónica.
 - Alteracións funcionais en case todos os sistemas do organismo.
 - Dolores de cabeza, problemas de soño, úlceras e outras desordes gastrointestinais, perda de peso, molestias e dolores musculares, hipertensión, crise de asma, etc.
- **De conduta:**
 - Conduta despersonalizada na relación cos alumnos.
 - Abuso barbitúricos, estimulantes e outros tipos de sustancias (café, tabaco, alcohol, etc.).
 - Cambios bruscos de humor, incapacidade para vivir de forma relaxada, incapacidade de concentración, superficialidade no contacto cos demais, comportamentos de alto risco, aumento de condutas hiperactivas e agresivas.
- **Emocionais:**
 - Esgotamento emocional.
 - Distanciamiento afectivo como forma de autoprotección.
 - Ansiedade.
 - Sentimentos de culpabilidade, impaciencia e irritabilidade, baixa tolerancia á frustración, sentimento de soidade, sentimento de alienación, sentimentos de impotencia, desorientación, aburrimiento, vivencias de baixa realización persoal, sentimentos depresivos.
